

# Facultade de Xeografía e Historia



## Violentadas e concienciadas? A violencia contra as mulleres na Galicia medieval

Bibiana Díaz Fernández

Director: José Miguel Andrade Cernadas

Departamento de Historia Medieval

Curso 2020/2021

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Historia

## Índice

Introdución .....	3
1. A violencia contra as mulleres na Historiografía. ....	5
2. Tipos de violencia contra as mulleres.....	8
2. 1. Violencia económica ou legal.....	9
2. 2. Imposición das formas de vida. ....	10
2. 3. Violencia física e verbal.....	12
2. 3. 1. A violación. ....	14
2. 3. 2. O asasinato. ....	17
3. O caso concreto das mulleres galegas no Medievo. O inicio da toma de conciencia. 19	
3. 1. Exemplos de limitación de liberdades. ....	20
3. 2. Os casos de adulterio. ....	23
3. 3. Os malos tratos e o asasinato. ....	26
3. 4. As agresións sexuais. ....	29
Conclusións. ....	31
Anexo .....	33
Bibliografía.....	40

**Resumo**

As mulleres galegas sufriron ao longo da Idade Media múltiples formas de violencia, independentemente da súa posición socioeconómica. Por iso, o obxectivo deste traballo é afondar no coñecemento desas situacións violentas e intentar dilucidar a capacidade de resposta das mulleres. O método empregado para tal fin foi a elección de referencias bibliográficas relacionadas coa problemática que se plantea e a análise das mesmas. O esquema a través do cal se expón a información descuberta iníciase cun apartado para coñecer como se tratou este tema na Historiografía, pasando a outro máis teórico no que se definen algúns conceptos vertebradores da liña discursiva do traballo e acabar estudando máis polo miúdo as particularidades presentes na Galicia medieval, facendo fincapé en exemplos concretos e na incipiente toma de conciencia que se percibe.

**Palabras chave:** violencia, mulleres, Galicia, conciencia, xustiza.

**Abstract**

Galician women suffered throughout the Middle Ages many forms of violence, regardless of their socioeconomic position. Therefore, the objective of the research work is to deepen the knowledge of these situations and to try to elucidate the capacity for female response. The method used for this was the choice of bibliographic references related to the problem raised and the analysis of these. The outline through which the information discovered is exposed begins with a section to know how this topic was discussed in Historiography, moving on to another more theoretical one in which some vertebrate concepts of the discursive line are defined and end up studying the particularities present in medieval Galicia, emphasizing concrete examples and the incipient awareness that is perceived.

**Keywords:** violence, women, Galicia, awareness, justice.

## Introdución

A profundización no coñecemento das iniciativas levadas a cabo polas mulleres galegas ao longo da Idade Media, co fin de defenderse contra os abusos e a violencia que sufriron, constitúe a base sobre a que se asenta este traballo. Esas respostas das mulleres resultan interesantes para coñecer mellor a forma na que elas se enfrontaban ás dificultades xurdidas a partir da concepción medieval de que a muller era inferior ao home<sup>1</sup>, idea especialmente difundida a partir do século XIII e que afectaba ás mulleres de todas as clases sociais xerando un entorno hostil para elas. A elección deste tema para investigalo con máis detalle naceu da curiosidade que me despertaba este tipo de estudos e a intención de aprender máis sobre esas situacións que se produciran na Galicia medieval.

As principais preguntas que xorden ao respecto son as seguintes: cal foi o alcance dos tipos de violencia que sufriron as galegas no período medieval? Pódese distinguir unha certa toma de conciencia sobre a inxustiza que tinguía ás accións violentas que viviron? Por iso, o obxectivo deste traballo céntrase en afondar no coñecemento dos episodios violentos que experimentaron as mulleres independentemente da súa posición socioeconómica e intentar dilucidar a súa capacidade de resposta.

A demarcación espazo-temporal do traballo é dobre pois engloba dúas realidades xeográficas diferentes (por un lado Galicia e polo outro o conxunto da Coroa de Castela) que permiten ir do xeral ao concreto, compartindo unha mesma franxa cronolóxica (a Idade Media). Esta división repercutiría favorablemente na exposición dos contidos ao iniciar o discurso con cuestións comúns a toda Castela e, posteriormente, centrarse nos exemplos que se rexistran na documentación para o territorio galego. No tocante ao período cronolóxico, cabe destacar que a finais da Idade Media aparecen tanto en Castela como en Galicia unha serie de estalidos periódicos de conflictividade social, conformando un clima de inseguridade<sup>2</sup> que propiciou a aparición das condicións favorables para o

---

<sup>1</sup> Vinyoles Vidal, T. M. (2008). Respuestas de mujeres medievales ante la pobreza, la marginación y la violencia. *Clío & Crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, (5), p. 73. Recuperado o 30/01/21 de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2777377>

<sup>2</sup> Pallares Méndez, M. C. (2010). Conciencia y resistencia. La denuncia de la agresión masculina en la Edad Media. En R. Radl Philipp (Ed.), *Investigaciones actuales de las mujeres y del género*, (p. 194). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela e Intercambio Científico.

aumento das agresións contra as mulleres. En relación con esas agresións, os delitos que están máis documentados son os referentes a violacións ou a agresións físicas que derivaron en lesións ou na morte da vítima<sup>3</sup>.

A metodoloxía utilizada para acadar os obxectivos propostos ao inicio da investigación constou dunha primeira aproximación ao tema cunha inmersión bibliográfica (tanto na biblioteca como en bases de datos dixitais), da definición dun esquema temporal dos contidos a partir do cal poder empezar a determinar mellor cales eran as obras que precisaba consultar, despois continúei coa lectura inicial da bibliografía para encadrala no apartado correspondente do esquema e a realización do baleirado no que recompilar a información de interese presente en cada obra. O último paso foi a redacción do traballo, proceso no que debía axeitar os contidos do baleirado ao desenvolvemento do esquema para organizalos coherentemente e compoñer unha liña discursiva clara.

A estrutura do traballo pivota en torno a dous eixos principais (un marco conceptual e tipolóxico sobre a violencia contra as mulleres e a exposición dos exemplos presentes no caso galego), dos que derivan outras cuestións que se xerarquizan no esquema de contidos. O primeiro apartado aborda a forma na que se tratou a investigación histórica da violencia contra as mulleres pola historiografía, facendo alusión á forma na que influíu esta corrente no resto da historiografía e aclarando o significado dalgúns conceptos clave relacionados con esta temática. Os diferentes tipos de violencia que padeceron as mulleres en Castela e que aparecen rexistrados na documentación son os que lle dan forma ao segundo punto do traballo, sección na que se explican os máis frecuentes (a privación de liberdades, os malos tratos, os abusos sexuais e o asasinato). Algúns casos recollidos na documentación galega analízanse no terceiro apartado, seguindo unha subdivisión similar ao anterior na que a limitación de liberdades, os malos tratos, as violacións e o asasinato (en menor medida) volven ter unha importancia capital.

---

<sup>3</sup> Córdoba de la Llave, R. (2004). Violencia cotidiana en Castilla a fines de la Edad Media. En J.-L. Martín, J. I. de la Iglesia Duarte, Asociación "Amigos de la Historia Najerillense.," & Nájera (Eds.), *Conflictos sociales, políticos e intelectuales en la España de los siglos XIV y XV*, (p. 409). Logroño: Gobierno de La Rioja, Instituto de Estudios Riojanos. Recuperado o 21/1/21 de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=978640>

As fontes empregadas neste estudo (primarias e secundarias) foron elixidas co propósito de achegarse, na medida do posible, á situación das galegas na Idade Media e ás posibles formas que tiveran de reaccionar contra os tipos de violencia que experimentaban. As fontes primarias seleccionadas pertencen ao capítulo de María Carmen Pallares dedicado á Idade Media dentro da colección “*Textos para a historia da mulleres en Galicia*”, obra da que puiden extraer exemplos recollidos na documentación galega sobre violacións, malos tratos, adulterio ou divorcios cos que poder ilustrar diversos tipos de violencia. Ademais, o artigo de Miguel García-Fernández titulado “*Mujeres luchando por sí mismas. Tres ejemplos para el estudio de la toma de conciencia femenina en la Galicia bajomedieval*” tamén recollía transcripcións de fontes primarias nas que se plasmaban algúns testemuños femininos relevantes. Isto complementábase co conxunto de fontes secundarias escollidas para este traballo, conxunto que se podería dividir en dous subapartados atendendo ao tipo de información que aportan as referencias que o forman. O primeiro deles incluíría todas aquelas obras que tratan a violencia contra as mulleres en toda a Coroa de Castela, sendo especialmente relevante o número 5 do ano 2008 da Revista “*Clío & Crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*” por albergar unha recompilación de artigos sobre este tema, realizados por grandes especialistas como Iñaki Bazán Díaz, Ricardo Córdoba de la Llave, María del Carmen García Herrero, César González Mínguez, Cristina Segura Graño e Teresa Vinyoles Vidal. O segundo subapartado dentro das fontes secundarias agrupa ás referencias que fan alusión á violencia que sufriron no Medievo as galegas, destacando os artigos e capítulos en libros de Miguel García-Fernández (máis actualizados, posteriores todos ao ano 2010) e os de María del Carmen Pallares Méndez (máis antigos pero igualmente interesantes por sentar os precedentes neste tipo de investigacións e continuar ofrecendo información válida para os estudos).

### **1. A violencia contra as mulleres na Historiografía.**

Antes de comezar a describir o estudo da violencia contra as mulleres na Historiografía cómpre establecer algunhas consideracións previas coas que relacionar a aparición de correntes historiográficas influídas por este tema e as investigacións resultantes. Ambas

liñas non se poden entender sen consideralas como froito da evolución natural que se dá nos historiadores á hora de coñecer mellor unha sociedade. Débese destacar o feito de que ao longo do século XX foi aparecendo unha pretensión globalizadora na historia pero esta non incluíría ás mulleres como suxeito de estudo ata finais dos anos 70 e comezos dos 80 (en España). Isto xustificouse pola pegada máis débil que deixaron as mulleres na documentación escrita e porque moitos dos documentos que se refiren a elas fixéronos homes, polo que plasmaron neles a súa visión particular do papel feminino<sup>4</sup>. A pesar de que as fontes para o estudo destas cuestións poden resultar máis escasas que as existentes para outros temas, grazas á análise profunda dos historiadores e historiadoras da documentación existente púidose avanzar neste campo e constatar que as fontes son máis numerosas do que inicialmente se planteou.

Actualmente, resulta moito máis frecuente atopar investigacións deste tipo dada a evolución que experimentou esta corrente historiográfica dende o seu nacemento nos anos 70 do século XX ata a segunda década do século XXI. En consecuencia, nos estudos históricos actuais préstaselle atención ao pasado das mulleres dende diferentes perspectivas e metodoloxías, incluso por investigadores doutras áreas que grazas á interdisciplinaridade comezaron a colaborar cos historiadores<sup>5</sup>.

Dende finais da primeira década do século XXI, a historiografía española produciu unha importante cantidade de estudos sobre a percepción da sexualidade feminina na sociedade medieval<sup>6</sup> e a conflitividade que podía aparecer en torno á mesma, chegando en última instancia ás agresións que sufrían as mulleres. A partir desas premisas

---

<sup>4</sup> González Mínguez, C. (2008). Sobre historia de las mujeres y violencia de género. *Clío & Crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, (5), pp. 16-17. Recuperado o 15/10/20 de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2777362>

<sup>5</sup> Del Val Valdivieso, M. I. (2015). Mujeres. Entre el silencio ¿forzado? Y la reivindicación. En E. López Ojeda (Ed.), *Nuevos temas, nuevas perspectivas en historia medieval: XXV Semana de Estudios Medievales, Nájera, del 28 de julio al 1 de agosto de 2014*, pp. 85-87. Logroño: Instituto de Estudios Riojanos. Recuperado o 21/01/21 de <http://uvadoc.uva.es/handle/10324/34500>

<sup>6</sup> Un exemplo claro disto pódese atopar nos artigos publicados no número 5 do ano 2008 da revista "*Clío & Crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*". Nesta publicación trátase a violencia contra as mulleres na Idade Media dende diferentes campos (a literatura, a historia, as leis ou a historiografía), relacionándoa coa sexualidade feminina, posto que parte das agresións que sufrían as mulleres derivaban do seu comportamento sexual ou da imaxe que proxectaban do mesmo ante a sociedade.

investigáronse aspectos como o seu papel nos espazos de violencia, ben mediante a súa participación directa ou ben pola súa implicación como prexudicadas<sup>7</sup>. A liña que máis se relaciona co presente traballo é a que desenvolveron os autores que se centraron no estudo das reaccións femininas ante as agresións (especialmente as sexuais), empregando a documentación xudicial e probando a existencia de casos nos que as mulleres foron conscientes da súa situación e intentaron defenderse empregando os instrumentos que a sociedade do momento lles procuraba (normalmente a xustiza).

Antes de enfrontarse ás diversas tipoloxías de violencia, resulta pertinente facer unha distinción entre dous conceptos clave (a “violencia contra as mulleres” e a “violencia de xénero”) a partir da visión exposta por Cristina Segura Graíño e Artenira da Silva e Silva nos seus traballos.

Baixo a concepción de Segura Graíño, a “violencia de xénero” alode á violencia material ou maltrato de obra sobre as mulleres, cometido por algún home co que estiveron emparelladas. Sen embargo, na Idade Media a violencia sufrida polas mulleres non se limitaba ao maltrato xa que estaba inserta nunha coxuntura máis complexa, derivada da supremacía do sistema patriarcal que sería para Segura Graíño o principal xerador de violencia contra as mulleres. Factor que actuaría de forma paralela ao sistema feudal, un sistema de organización social de natureza violenta que contribuiría a empeorar a situación das mulleres<sup>8</sup>.

Por outro lado estaría a visión de Artenira da Silva, baseada na idea de que a “violencia de xénero” acentuaríase polas negociacións e pugnas entre os sexos co fin de conseguir ou manter o seu poder e podería exercerse por calquera dos sexos. Para esta autora<sup>9</sup>, esta violencia sería unha forma de expresar as relacións de poder desiguais entre os sexos e a “violencia contra as mulleres” sería de xénero pero afectaría ás mulleres polo seu significado corporal e pola misoxinia presente no imaxinario social colectivo. A

---

<sup>7</sup> Ibidem, pp. 91-93.

<sup>8</sup> Segura Graíño, C. (2008). La violencia sobre las mujeres en la Edad Media. Estado de la cuestión. *Clío & crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, (5), pp. 27, 29-30. Recuperado o 24/10/20 de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2777365>

<sup>9</sup> Da Silva e Silva, A., et al. (2019). Una revisión histórica de las violencias contra mujeres. *Revista Direito e Práxis*, 10(1), pp. 182-183. <https://doi.org/10.1590/2179-8966/2018/30258>

“violencia contra as mulleres”<sup>10</sup> exerceríase directamente sobre o corpo da muller, aínda que tamén podería ser de natureza psicolóxica, simbólica ou política.

## 2. Tipos de violencia contra as mulleres.

A mentalidade e as relacións entre homes e mulleres na Idade Media<sup>11</sup> pódese observar a través do comportamento rexistrado por agresores e vítimas, o papel interventor da xustiza na persecución e castigo dun delito e a forma na que se perciben os actos violentos polo conxunto da sociedade. A violencia non se limitaba a castigos físicos, senón que no caso das mulleres a coacción podía exercer tamén no ámbito económico ou de forma simbólica mediante o control do seu corpo<sup>12</sup>.

Os casos que aparecen recollidos na documentación xudicial constatan a existencia de abusos, tal e como pode observarse nas sentenzas e nas declaracións das testemuñas. Pero tamén se recollen exemplos nos que as mulleres facían chegar as súas queixas ás autoridades xudiciais<sup>13</sup>. A fiabilidade da información recollida nas actas dos procesos xudiciais ou nas declaracións das partes dun litixio é cuestionable<sup>14</sup>, tanto polo

---

<sup>10</sup> A violencia contra as mulleres relaciónase con reminiscencias das orixes da distribución de poderes. Algunhas das súas características son as seguintes: é un fenómeno estrutural, sistémico (abarca todos os espazos sociais independentemente da súa natureza); é de xénero e un mecanismo de control de todas as mulleres; é continua (está formada por un conxunto de condutas normalizadas pola sociedade); a culpabilidade enfócase na vítima e concéntrase no control do corpo da muller; afecta á concepción da sexualidade e do pracer femininos, nace da desigual distribución do poder, limita e priva de liberdade ás mulleres, non diferencia entre as clases sociais, económicas ou culturais e ten vítimas colaterais. *Ibidem*, pp. 183-192.

<sup>11</sup> Córdoba de la Llave, R. (2008). Consideraciones en torno al delito de agresión sexual en la Edad Media. *Clío & Crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, (5), p. 188. Recuperado o 30/01/21 de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2777397>

<sup>12</sup> Para saber máis ver: Fuente Pérez, M. J. (2011). La violencia contra las mujeres. Una lacra con lejano pasado. En M. J. Fuente Pérez (Ed.), *Raíces Profundas. La violencia contra las mujeres (Antigüedad y Edad Media)*, p. 16. Madrid: Ediciones Polifemo.

<sup>13</sup> Vinyoles Vidal, T. M. (2008). Respuestas de mujeres medievales ante la pobreza, la marginación y la violencia. *Clío & Crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, (5), p. 82. Recuperado o 30/01/21 de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2777377>

<sup>14</sup> Córdoba de la Llave, R. (2008). Consideraciones en torno al delito de agresión sexual en la Edad Media. *Clío & Crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, (5), pp. 190-191. Recuperado o 30/01/21 de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2777397>

seu carácter sesgado en función dos intereses concretos de cada unha das partes como pola actuación dos encargados de recoller as declaracións, pois podían alterar os mesmos cando os poñían por escrito.

## 2. 1. Violencia económica ou legal.

Ao longo da Idade Media incrementouse a expansión das ideas misóxinas que xustificaban a violencia contra as mulleres mediante os sermóns dos predicadores, as obras teatrais, a literatura dos séculos XIII-XIV e a produción de decretos, manuais de predicación e obras de canonistas<sup>15</sup>.

A condición xurídica das mulleres tiña peculiaridades en función do estado civil no que se atopasen<sup>16</sup> (soltaría-virxindade, matrimonio e viuvez), sendo equiparadas á posición dos homes soamente cando chegaban á idade na que non podían procrear. Antes dese momento, as leis (feitas e aplicadas por homes) concibían á muller como inferior e obxecto de protección<sup>17</sup>. Por este motivo, no ordenamento xurídico medieval (sinaladamente despois da adopción do dereito romano) acoutábanse os dereitos das mulleres, tanto dentro como fóra do ámbito familiar e a súa inferioridade legal traducíase na práctica á institución da titoría dun varón sobre elas<sup>18</sup>. En materia de comisión de delitos, o tratamento legal que se lles daba ás mulleres segundo reflexan as fontes apunta

---

<sup>15</sup> Fuente Pérez, M. J. (2011). La violencia contra las mujeres. Una lacra con lejano pasado. En M. J. Fuente Pérez (Ed.), *Raíces Profundas. La violencia contra las mujeres (Antigüedad y Edad Media)*, pp. 14-15. Madrid: Ediciones Polifemo.

<sup>16</sup> García-Fernández, M. (2012a). Arquetipos femeninos no imaxinario social do Occidente medieval (ss. XII-XIII). En M. García-Fernández, S. Cernadas Martínez, & A. Ballesteros Fernández (Eds.), *As mulleres na historia de Galicia: Actas do I Encontro Interdisciplinar de Historia de Xénero*, p. 152. Santiago de Compostela: Andavira Editora. Recuperado o 26/02/21 de: [https://www.academia.edu/1651207/Arquetipos\\_femininos\\_no\\_imaxinario\\_social\\_do\\_Occidente\\_medieval\\_ss\\_XII\\_XIII\\_?auto=download](https://www.academia.edu/1651207/Arquetipos_femininos_no_imaxinario_social_do_Occidente_medieval_ss_XII_XIII_?auto=download)

<sup>17</sup> Pallares Méndez, M. del C. (1993). *A vida das mulleres na Galicia medieval (1100-1500)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, p. 21.

<sup>18</sup> Bazán Díaz, I. (2008). La violencia legal del sistema penal medieval ejercida contra las mujeres. *Clío & Crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, (5), p. 204. Recuperado o 30/01/21 de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2777406>

a que o sexo do culpable non importaría na praxe legal<sup>19</sup>, pois os acusados eran punidos en función do delito perpetrado e non pola súa identidade.

No tocante á violencia económica, era frecuente que as mulleres dependesen economicamente dos varóns que convivían con elas (especialmente aquelas que non pertencían as elites), polo que a ausencia do marido por abandono podía conducir á muller e aos fillos á marxinación e á violencia. Neste sentido, un grupo que corría o risco de caer na marxinación era o das mulleres que mantiñan relacións sexuais fóra do matrimonio, aínda que fose con parellas estables. Estas, cando sufrían o abandono da súa parella víanse privadas xunto cos seus fillos da manutención da que gozaran ata ese momento. Un bo exemplo desta situación podía observarse no caso das barraganas e as mancebas.<sup>20</sup>

## 2. 2. Imposición das formas de vida.

As opcións de vida dispoñibles para as mulleres (virxindade, matrimonio e marxinación) contiñanse no modelo de conduta creado polos homes<sup>21</sup>. Non se lles daba opción para decidir sobre a súa vida, era o pai ou o marido os que decidían por elas. En consecuencia, vivían nunha situación de violencia endémica na que a falta de liberdade para escoller o seu futuro era un elemento permanente que xeraba violencia e condicionaba as súas vidas<sup>22</sup>. A continuación afondarase no matrimonio e na entrada en relixión por seren estas as principais opcións das mulleres (a última, e máis indesexable, era a marxinación).

Nunha parte da Idade Media o matrimonio era unha relación asimétrica xa que non se trataba dun contrato entre dous seres humanos en igualdade de condicións; era un

---

<sup>19</sup> Ibidem, p. 213.

<sup>20</sup> Córdoba de la Llave, R. (Ed.). (2006). *Mujer, marginación y violencia entre la Edad Media y los tiempos modernos*. En *Mujer, marginación y violencia entre la Edad Media y los tiempos modernos*, pp. 8-9. Córdoba: Servicio de Publicaciones, Universidad de Córdoba.

<sup>21</sup> García-Fernández, M. (2012a). Arquetipos femeninos no imaxinario social do Occidente medieval (ss. XII-XIII). En M. García-Fernández, S. Cernadas Martínez, & A. Ballesteros Fernández (Eds.), *As mulleres na historia de Galicia: Actas do I Encontro Interdisciplinar de Historia de Xénero*, p. 168. Santiago de Compostela: Andavira Editora. Recuperado o 26/02/21 de: [https://www.academia.edu/1651207/Arquetipos\\_femeninos\\_no\\_imaxinario\\_social\\_do\\_Occidente\\_medieval\\_ss\\_XII\\_XIII\\_?auto=download](https://www.academia.edu/1651207/Arquetipos_femeninos_no_imaxinario_social_do_Occidente_medieval_ss_XII_XIII_?auto=download)

<sup>22</sup> Segura Graíño, C. (2008). La violencia sobre las mujeres en la Edad Media. Estado de la cuestión. *Clio & crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, (5), p. 31. Recuperado o 24/10/20 de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2777365>

vínculo establecido entre dúas persoas xerarquizadas por sexos<sup>23</sup>. Asemade, a idade dos membros da parella podía ser dispar porque, con frecuencia, a diferenza de idade dos cónxugues tendía a ampliarse polo feito de que os homes cando enviuvaban e volvían casa facíanos con mulleres moito máis novas<sup>24</sup>.

Nas esferas máis elevadas do poder, moitas mulleres accederon ao matrimonio contra a súa vontade porque primaban os intereses políticos e patrimoniais do grupo familiar sobre as preferencias individuais. Nas clases máis baixas ademais de cumprir a función reprodutora, as mulleres eran man de obra para as tarefas domésticas e para os traballos no campo ou na cidade<sup>25</sup>.

Os homes contaron con máis posibilidades á hora de enfrontarse aos arranxos matrimoniais non desexados porque a proxección cara espazos públicos da que gozaban permitíalles establecer outro tipo de relacións afectivo-sexuais sen obter reproches por parte da sociedade<sup>26</sup>. Tendo en conta os exemplos baixomedievais de rupturas matrimoniais pola disolución do vínculo ou pola separación libre dos cónxugues, os adulterios e os concubinatos pódese pensar que tanto homes como mulleres en ocasións buscaron a felicidade conxugal á marxe do imposto polos convencionalismos sociais e relixiosos<sup>27</sup>.

A outra forma de vida honrosa á que podían optar as mulleres era a entrada en relixión, especialmente para as fillas ilexítimas das elites<sup>28</sup> porque tiñan máis dificultades para acceder ao matrimonio no grupo social paterno e deste xeito podían situarse nunha

---

<sup>23</sup> García Herrero, M. <sup>a</sup> del C. (2008). La marital corrección: Un tipo de violencia aceptado en la Baja Edad Media. *Clío & Crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, (5), p. 43. Recuperado o 15/10/20 de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2777372>

<sup>24</sup> Ibidem, pp. 46-47.

<sup>25</sup> Gil Ambrona, A. (2008). *Historia. Historia de la violencia contra las mujeres: Misoginia y conflicto matrimonial en España*. Madrid: Cátedra, pp. 59-60.

<sup>26</sup> García-Fernández, M. (2017a). Investigando as marxes e expresións de liberdade feminina na Idade Media: Voces e actuacións de mulleres ante os “malos casamentos.” En A. González Penín, E. Aguayo Lorenzo, & A. J. López Díaz, *Transformando dende a universidade: V Xornada Universitaria Galega en Xénero, XUGeX*, pp. 254-255.

<sup>27</sup> Gil Ambrona, A. (2008). *Historia. Historia de la violencia contra las mujeres: Misoginia y conflicto matrimonial en España*. Madrid: Cátedra, p. 100.

<sup>28</sup> Pallares Méndez, M. del C. (1993). *A vida das mulleres na Galicia medieval (1100-1500)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, p. 65.

posición notable. Pero tamén podía darse o caso de que o ingreso nun convento fose forzoso, sendo este un recurso empregado por pais ou maridos para castigar os comportamentos femininos indesexados de forma privada, sen que transcendese ao ámbito público. Noutras ocasións a opción relixiosa era unha alternativa ao matrimonio cando non se podía reunir unha dote suficientemente grande.<sup>29</sup> A pesar de ter que vivir nas institucións relixiosas seguindo as normativas que establecían as ordes, hai constancia de que a ruptura da clausura foi unha práctica non excepcional por unha parte das relixiosas, especialmente as abadesas e as prioras. Estas últimas pertencían ao grupo nobiliario ou á burguesía que lles permitía acadar cotas de poder importante e influencia social.<sup>30</sup>

### 2. 3. Violencia física e verbal.

Achegarse a esta realidade resulta complexo debido a que gran parte dos casos nunca foron denunciados á xustiza e porque non abundan as fontes escritas que permitan coñecer as crenzas, ideas ou sentimentos que esa violencia espertaba nas mulleres.<sup>31</sup> Outro factor a ter en conta para estudar este tema é o feito de que na Idade Media diferenciábase entre marital corrección e malos tratos e socialmente non tiñan a mesma consideración.

A marital corrección, tal e como a defina María del Carmen García Herrero<sup>32</sup>, era un tipo de violencia (aceptada socialmente na Baixa Idade Media) na que o marido podía corrixir o comportamento da súa muller empregando os golpes que el considerase

---

<sup>29</sup> Bazán Díaz, I. (2008). La violencia legal del sistema penal medieval ejercida contra las mujeres. *Clío & Crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, (5), pp. 224-226. Recuperado o 30/01/21 de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2777406>

<sup>30</sup> García-Fernández, M. (2013b). Las mujeres en las ciudades gallegas de la Baja Edad Media. Espacios, actividades, relaciones y conflictos. En Congreso Interdisciplinar de Jóvenes Historiadores, J. M. Aldea Celada, & F. Criado Boado (Eds.), *Los lugares de la historia* (pp. 203–227). Salamanca: Hergar Ediciones Antema. Recuperado o 1/02/21 de: [https://www.researchgate.net/publication/281933092\\_Las\\_mujeres\\_en\\_las\\_ciudades\\_gallegas\\_de\\_la\\_Baja\\_Edad\\_Media\\_Espacios\\_actividades\\_relaciones\\_y\\_conflictos](https://www.researchgate.net/publication/281933092_Las_mujeres_en_las_ciudades_gallegas_de_la_Baja_Edad_Media_Espacios_actividades_relaciones_y_conflictos)

<sup>31</sup> Fuente Pérez, M. J. (2011). La violencia contra las mujeres. Una lacra con lejano pasado. En M. J. Fuente Pérez (Ed.), *Raíces Profundas. La violencia contra las mujeres (Antigüedad y Edad Media)*, p. 18. Madrid: Ediciones Polifemo.

<sup>32</sup> García Herrero, M.ª del C. (2008). La marital corrección: Un tipo de violencia aceptado en la Baja Edad Media. *Clío & Crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, (5), pp. 39-42. Recuperado o 15/10/20 de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2777372>

oportunos para que ela modificase a súa conduta e actuase dunha forma determinada. Esta práctica considerábase positivamente pola sociedade porque o home era o encargado de responder polo comportamento dos integrantes da súa familia. A característica principal da marital corrección era a súa aplicación “racional” e cun fin que a xustificase; debía existir unha proporción entre o estímulo e a resposta correctora, debía ser puntual e non supoñer un perigo grave de enfermidade ou morte para a muller reprendida. Nos casos nos que non se axustaba a estes baremos, ese comportamento pasaba a clasificarse como malos tratos e os actos dos maridos condenábanse polo resto da sociedade ao consideralos inadmisibles<sup>33</sup>.

Esa forma diferente de concibir a marital corrección e os malos tratos tamén tiña a súa tradución nas opcións das que dispoñían as mulleres para intentar atallar esa violencia. No vaso da marital corrección a obediencia, a fidelidade e a submisión eran os medios dos que dispoñían para sobrevivir porque esas prácticas violentas eran legais e non podían denuncialas<sup>34</sup>. Sen embargo, cando se pasaba dunha reprimenda ocasional a agresións continuas as mulleres podían acudir ante os tribunais de Xustiza para denunciar a situación de malos tratos que sufrían. Pero nas situacións máis extremas nas que as mulleres temían pola súa vida, podían fuxir do seu marido ou ben solicitar unha carta de seguro ante os tribunais ou a Coroa para buscar a protección da lei<sup>35</sup>.

Outro tipo de violencia ao que estiveron suxeitas as mulleres foi a verbal, tanto a través da palabra escrita coa que se xustificaba e divulgaban os prexuízos contra as mulleres na sociedade medieval e a propiamente verbal, formada principalmente por injurias que constituían un ataque contra a natureza e honra das mulleres<sup>36</sup>. A difamación de carácter sexual dalgún dos integrantes femininos do grupo familiar frecuentemente

---

<sup>33</sup> Ibidem, pp. 49-50.

<sup>34</sup> Vinyoles Vidal, T. M. (2008). Respuestas de mujeres medievales ante la pobreza, la marginación y la violencia. *Clío & Crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, (5), pp. 87-90. Recuperado o 30/01/21 de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2777377>

<sup>35</sup> Córdoba de la Llave, R. (Ed.). (2006). Mujer, marginación y violencia entre la Edad Media y los tiempos modernos. En *Mujer, marginación y violencia entre la Edad Media y los tiempos modernos*, p. 25. Córdoba: Servicio de Publicaciones, Universidad de Córdoba.

<sup>36</sup> García-Fernández, M. (2012b). Mujeres luchando por sí mismas. Tres ejemplos para el estudio de la toma de conciencia femenina en la Galicia bajomedieval. *Historia I+D. Revista de Estudios Históricos*, (1), pp. 36-37. Recuperado o 21/1/21 de: <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/9870>

desembocaban en vinganzas xustificadas na mentalidade da época. Isto débese a que o comportamento sexual e a boa fama das mulleres tiñan unha importancia capital na honra e respectabilidade de toda a familia.<sup>37</sup>

A continuación afondarase no coñecemento de dous tipos de violencia física extremadamente brutais: a violación e o asasinato. No primeiro caso relacionarase ese concepto co de estupro e expoñeranse as principais características e factores que inflúen eses abusos e no segundo estableceranse as súas conexións co adulterio feminino.

### 2. 3. 1. A violación.

A violencia sexual é un dos tipos de abuso físico máis frecuentes e caracterízase pola pegada psicolóxica que deixa nas vítimas, estigmatizándoas ante o resto da sociedade. Segundo Miguel García Fernández<sup>38</sup>, a pesar de que este tipo de accións constituían un agravio directo contra as mulleres, a sociedade medieval situaría aos homes como destinatarios reais dos actos deshonorosos porque os corpos femininos percibíanse como unha sorte de patrimonio.

Antes de comezar a desenvolver os principais condicionantes dos abusos sexuais, cómpre facer algunhas consideracións terminolóxicas. Débese de ter en conta que na documentación medieval<sup>39</sup> este tipo de acontecementos non se denominaban “violación”, empregábanse outras expresións como “coñecer carnalmente” ou “durmir cunha muller”, acompañadas dos termos “por forza” e “contra a súa vontade”. Outro concepto relevante é o de “estupro”, comportamento baseado no acoso sexual<sup>40</sup> que englobaba todos os

---

<sup>37</sup> Córdoba de la Llave, R. (2004). Violencia cotidiana en Castilla a fines de la Edad Media. En J.-L. Martín, J. I. de la Iglesia Duarte, Asociación “Amigos de la Historia Najerillense.” & Nájera (Eds.), *Conflictos sociales, políticos e intelectuales en la España de los siglos XIV y XV*, pp. 416, 424. Logroño: Gobierno de La Rioja, Instituto de Estudios Riojanos. Recuperado o 21/1/21 de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=978640>

<sup>38</sup> García-Fernández, M. (2012b). Mujeres luchando por sí mismas. Tres ejemplos para el estudio de la toma de conciencia femenina en la Galicia bajomedieval. *Historia I+D. Revista de Estudios Históricos*, (1), pp. 35-36. Recuperado o 21/1/21 de: <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/9870>

<sup>39</sup> Córdoba de la Llave, R. (2008). Consideraciones en torno al delito de agresión sexual en la Edad Media. *Clío & Crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, (5), p. 190. Recuperado o 30/01/21 de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2777397>

<sup>40</sup> Córdoba de la Llave, R. (Ed.). (2006). Mujer, marginación y violencia entre la Edad Media y los tiempos modernos. En *Mujer, marginación y violencia entre la Edad Media y los tiempos modernos*, pp. 24-25. Córdoba: Servicio de Publicaciones, Universidad de Córdoba.

esforzos dirixidos a convencer á muller da conveniencia de manter relacións sexuais (por motivos socioeconómicos) co incitador. Baixo este nome tamén se recollía a utilización de métodos baseados no uso de promesas de matrimonio falsas ou agasallos para conseguir o consentimento da vítima e forzala a aceptar a relación sexual<sup>41</sup>. En cambio, a violación caracterizábase por forzar á muller empregando a forza física, ameazas, golpes ou incluso armas.

A documentación xudicial non nos permite sinalar unha causa concreta que impulsase aos agresores a cometer este delito<sup>42</sup>. Os abusos sexuais poderían deberse a búsqueda do pracer sexual, podería ser un exercicio de poder sobre a vítima ou o desenlace do acoso cara a vítima. Outras posibilidades é que fose unha forma de prexudicar á muller agredida polas consecuencias que implicaba para a súa honra, ofender á familia desta ou incluso forzar o matrimonio pois unha solución recorrente era o casamento entre agresor e agredida.

En relación coa adscrición dos agresores a un grupo social concreto<sup>43</sup>, resulta salientable a inexistencia dunha tendencia nítida pois aparecen implicados suxeitos pertencentes ás clases máis elevadas e ás máis baixas da sociedade. Isto mesmo sería aplicable para as mulleres agredidas, aínda que se observa a maior frecuencia destas accións contra grupos máis fráxiles como as criadas, doncelas ou mozas pois estas vivían fóra da rede de apoio do seu grupo familiar e pola realización de actividades laborais fóra do marco doméstico. Do mesmo xeito que sería complicado sinalar a un grupo social único como o causante e receptor deste tipo de violencia, tamén o sería indicar un único ámbito xeográfico como lugar da comisión do delito. As localizacións máis mencionadas polas fonte xudiciais son o interior do fogar no mundo urbano e os camiños ou lugares despoboados no rural xa que lle proporcionaban ao agresor un espazo illado no que non

---

<sup>41</sup> Córdoba de la Llave, R. (2008). Consideraciones en torno al delito de agresión sexual en la Edad Media. *Clío & Crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, (5), p. 196. Recuperado o 30/01/21 de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2777397>

<sup>42</sup> Ibidem, pp. 191-192.

<sup>43</sup> Ibidem, pp. 193-195.

houberse testemuñas que puidesen auxiliar á vítima ou axudarlle a denunciar a violación ante un tribunal de xustiza<sup>44</sup>.

Este último aspecto garda relación cos procedementos de denuncia do abuso sexual ante a xustiza. Denunciar os feitos e probalos para facelos cribles ante un xuíz para obter unha sentenza de culpabilidade para o agresor era moi difícil, por iso existía un alto grao de ocultación neste tipo de delitos. As agredidas non denunciaban aos perpetradores do delito<sup>45</sup> pola vergoña que lles producía o feito de que familiares e veciños coñecesen a súa situación, por medo á vinganza do agresor, pola pouca seguridade de obter unha resolución favorable ou pola esperanza de que se cumprisen as promesas de matrimonio nos casos de estupro. Un factor que facía aínda máis problemática para a vítima esa coxuntura era a reputación dunha conduta moral e sexual impoluta necesaria para facer crible a denuncia da violación. A maiores, as mulleres debían seguir un procedemento concreto establecido pola lexislación medieval para denunciar os abusos sexuais<sup>46</sup>.

Nos casos que conseguía probar a agresión, a lexislación medieval podía castigar coa pena capital a violación<sup>47</sup>, especialmente se se realizara contra un menor de idade ou

---

<sup>44</sup> Córdoba de la Llave, R. (2004). Violencia cotidiana en Castilla a fines de la Edad Media. En J.-L. Martín, J. I. de la Iglesia Duarte, Asociación "Amigos de la Historia Najerillense.," & Nájera (Eds.), *Conflictos sociales, políticos e intelectuales en la España de los siglos XIV y XV*, pp. 400-402. Logroño: Gobierno de La Rioja, Instituto de Estudios Riojanos. Recuperado o 21/1/21 de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=978640>

<sup>45</sup> Córdoba de la Llave, R. (2008). Consideraciones en torno al delito de agresión sexual en la Edad Media. *Clío & Crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, (5), pp. 196-197. Recuperado o 30/01/21 de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2777397>

<sup>46</sup> Cando unha muller era violada debía chamar a todos os familiares e veciñanza para dar testemuña da súa deshonra mediante a escenificación dun ritual no que amosaba os xestos de duelo, desesperación e maldición, chegando incluso a golpearse as partes do corpo consideradas a causa da deshonra. Véxase en: Gil Ambrona, A. (2008). *Historia. Historia de la violencia contra las mujeres: Misoginia y conflicto matrimonial en España*. Madrid: Cátedra, p. 121.

<sup>47</sup> Dentro das Sete Partidas de Alfonso X recóllese que se un home violaba a unha muller virxe, casada ou relixiosa e se demostraba nun xuízo, o acusado debía morrer por ese delito. Concretamente, esta información aparece na Lei III, Título XX da Séptima Partida, titulada como "*Qué pena merescen los que forzaren ó rabiaren alguna de las mugeres sobredichas, et los ayudadores dellos*".

Información dispoñible en: *Las Siete Partidas del Rey don Alfonso el Sabio cotejadas con códices antiguos por la Real Academia de la Historia* (2008). Tomo 3: Partida Cuarta, Quinta, Sexta y Septima. Alicante: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, p. 663. Recuperado o 21/02/21 de: [http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/las-siete-partidas-del-rey-don-alfonso-el-sabio-cotejadas-con-varios-codices-antiguos-por-la-real-academia-de-la-historia-tomo-3-partida-cuarta-quinta-sexta-y-septima--0/html/01fb8a30-82b2-11df-acc7-002185ce6064\\_674.htm](http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/las-siete-partidas-del-rey-don-alfonso-el-sabio-cotejadas-con-varios-codices-antiguos-por-la-real-academia-de-la-historia-tomo-3-partida-cuarta-quinta-sexta-y-septima--0/html/01fb8a30-82b2-11df-acc7-002185ce6064_674.htm)

contra unha muller casada dunha clase superior<sup>48</sup>. Sen embargo, na práctica as condenas de pena de morte executáronse de forma excepcional e adoitábanse conmutar por penas de desterro, castigos corporais ou sancións económicas. Ademais, podían entrar en xogo outros factores como a remisión da pena polos servizos prestados á Coroa, o acollemento aos privilexios do agresor cando este pertencía a elite social ou a obtención do perdón da parte ofendida.

As consecuencias máis habituais deste tipo de violencia para as agredidas<sup>49</sup> foron as feridas, a marxinalidade e prostitución, os embarazos non desexados que comportaban a crianza deses fillos por parte da muller sen apoio económico do pai e, en menor proporción, a morte. Poñendo en relación todo isto coas dificultades de obter unha condena para o violador por mor do elevado custo dos procesos xudiciais, a prolongación temporal dos mesmos e o feito de que impoñerlle un castigo ao agresor non repoñía a honra nin melloraba as condicións de vida da muller, fan que con frecuencia se intentasen buscar outras solucións. Estas podían ir dende unha compensación económica coa que acrecentar a dote da afectada a cambio de que lle outorgase o perdón ao agresor, ata acordos de voda entre o violador e a vítima para proporcionarlle á muller unha saída “aceptable” que lle permitise garantir o seu mantemento e o dun posible fillo nacido froito do delito.

### 2. 3. 2. O asasinato.

O asasinato de mulleres podía producirse por diversas causas pero aquí referirémonos unicamente aos derivados do adulterio feminino, tanto por unha cuestión de espazo como polo feito de que estas mortes relaciónanse directamente coa elección das mulleres de romper o molde social que lles impoñía unhas determinadas condutas. Ademais, o adulterio (ou o presunto adulterio -en ocasións non se chegaba a probar-) constituía unha causa comunmente admitida para xustificar os malos tratos ou o homicidio dunha

---

<sup>48</sup> Córdoba de la Llave, R. (2008). Consideraciones en torno al delito de agresión sexual en la Edad Media. *Clío & Crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, (5), pp. 198-199. Recuperado o 30/01/21 de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2777397>

<sup>49</sup> Ibidem, pp. 199-201.

muller<sup>50</sup>. Nestes casos, o marido podía tomar a xustiza pola súa propia man e castigar á parella de adúlteros sen necesidade de recorrer aos tribunais e, en caso de matalos, a acusación de adulterio sería un atenuante.

Na mentalidade medieval<sup>51</sup>, o adulterio feminino destruía a orde social, poñía en perigo a descendencia natural e a consecuente transmisión da herdanza e provocaba unha deshonra tal que só podía remediarse mediante a violencia. Asemade, a adúltera concibíase como unha lacra social que lle era infiel ao marido, ofendía á súa propia familia, abandonaba o fogar e as responsabilidades familiares para reunirse co seu amante. Sen embargo, no caso de terse producido polo marido<sup>52</sup>, a boa reputación era compatible co adulterio ou incluso coa promiscuidade, situación ben diferente da feminina posto que neste último caso a mera sospeita de adulterio podía rematar coa boa fama e bondade da afectada e do grupo familiar ao que pertencía.

Co avance da Idade Media esta situación foi cambiando pero foi necesario esperar ata o reinado dos Reis Católicos para que se intentase controlar o uxoricidio (legalmente establecido e consentido polo marco normativo) mediante a supervisión xudicial da súa aplicación<sup>53</sup>. Estipulouse que ninguén debía axustizar aos amantes sen pasar previamente polos tribunais e demostrar a existencia da infidelidade para que o marido quedase facultado polo xuíz para tomar as represalias que considerase oportunas para restablecer a súa honra ante o resto da comunidade.

O asasinato e a denuncia ante os tribunais de xustiza eran dúas saídas que tiña o marido ante a infidelidade feminina mais contaba con outra opción: o perdón<sup>54</sup>. Esta

---

<sup>50</sup> García Herrero, M. <sup>a</sup> del C. (2008). La marital corrección: Un tipo de violencia aceptado en la Baja Edad Media. *Clío & Crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, (5), p. 54. Recuperado o 15/10/20 de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2777372>

<sup>51</sup> Córdoba de la Llave, R. (Ed.). (2006). Mujer, marginación y violencia entre la Edad Media y los tiempos modernos. En *Mujer, marginación y violencia entre la Edad Media y los tiempos modernos*, p. 15. Córdoba: Servicio de Publicaciones, Universidad de Córdoba.

<sup>52</sup> García Herrero, M. <sup>a</sup> del C. (2008). La marital corrección: Un tipo de violencia aceptado en la Baja Edad Media. *Clío & Crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, (5), pp. 62-63. Recuperado o 15/10/20 de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2777372>

<sup>53</sup> Córdoba de la Llave, R. (Ed.). (2006). Mujer, marginación y violencia entre la Edad Media y los tiempos modernos. En *Mujer, marginación y violencia entre la Edad Media y los tiempos modernos*, p. 59. Córdoba: Servicio de Publicaciones, Universidad de Córdoba.

<sup>54</sup> *Ibidem*, p. 60.

última comportaba a posibilidade de que a muller volveuse ser infiel e a honra do marido seguía sendo cuestionada. Deste xeito, descartábase recorrer á violencia para solventar o conflito e optábase polo perdón de palabra e polas “cartas de perdón de cornos”. O primeiro exemplo non garantía a seguridade da muller posto que debía vivir co medo constante a que puidese ser asasinada a mans do seu marido baixo o pretexto de que lle fora fiel con anterioridade. A outra opción era a das cartas de perdón<sup>55</sup>, que evitaban calquera dúbida sobre a concesión do perdón mediante a realización dunha escritura pública ante notario na que se sinalaba que os cónxugues volvían facer vida marital, comprometéndose o marido a acoller á muller de novo no fogar e a non iniciar ningún preito contra ela pola súa infidelidade.

Algúns exemplos de adulterio e dos tipos de violencia que foron tratados ao longo deste apartado expoñeranse no seguinte epígrafe do presente traballo, referíndose ao ámbito xeográfico galego.

### **3. O caso concreto das mulleres galegas no Medievo. O inicio da toma de conciencia.**

Os tipos de violencia expostos no apartado anterior poden rastrearse entre os exemplos galegos que nos aporta a documentación. O verdadeiramente interesante é recuperar as voces femininas e, segundo Miguel García-Fernández<sup>56</sup>, isto sería posible se se traballa na lectura das palabras escritas por elas e no estudo dos documentos que as mencionan. Pero nese proceso topámonos con silencios motivados, entre outros factores, pola limitada alfabetización feminina ou por documentos perdidos<sup>57</sup>. A pesar deste punto de partida complexo, a literatura da época constitúese como unha ferramenta útil para coñecer a situación das mulleres posto que a súa natureza de produto cultural dun tempo

---

<sup>55</sup> Bazán Díaz, I. (2008). La violencia legal del sistema penal medieval ejercida contra las mujeres. *Cfío & Crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, (5), p. 226. Recuperado o 30/01/21 de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2777406>

<sup>56</sup> García-Fernández, M. (2018). Voces, susurros y silencios femeninos en la documentación medieval gallega. En E. Corral Díaz (Ed.), *Voces de mujeres en la Edad Media: Entre realidad y ficción*, pp. 113–114. Berlin: De Gruyter. Recuperado o 17/10/20 de: [https://www.jstor.org/stable/j.ctvbkjv2x.10?seq=1#metadata\\_info\\_tab\\_contents](https://www.jstor.org/stable/j.ctvbkjv2x.10?seq=1#metadata_info_tab_contents)

<sup>57</sup> Ibidem, p. 122.

histórico determinado apórtalle á investigación unha posible descrición dos valores e comportamentos dos grupos sociais que reflexa<sup>58</sup>.

Ao mesmo tempo que se van ir analizando algúns exemplos das situacións violentas que viviron as galegas durante a Idade Media, explicárase a aparición dunha incipiente toma de conciencia e resistencia que se materializa nalgúns destes casos a través da búsqueda da liberdade coa que decidir os seus futuros e coa denuncia dos seus agresores ante os tribunais de xustiza.

### 3. 1. Exemplos de limitación de liberdades.

Nas fontes galegas aparecen casos nos que as mulleres foron conscientes da privación de liberdades que sufrían por mor das decisións dos seus familiares e decidiron resistirse a eses designios para poder ter a capacidade de tomar decisións sobre o seu futuro. Os dous exemplos concretos a tratar neste apartado van ser o de Dona Beatriz de Castro coa súa loita por abandonar o convento e o de dona Mayor de Ulloa co seu rexeitamento dunha alianza matrimonial.

A desatención aos desexos femininos en pos do beneficio do grupo familiar obsérvase nos ingresos forzosos na vida monástica con poucos anos de vida dalgunhas nenas pertencentes á nobreza<sup>59</sup>. Isto mesmo foi o que viviu dona Beatriz de Castro con oito anos cando o seu irmán don Fadrique Enríquez, duque de Arjona fixo que ingresase nun convento de clarisas no que a abadesa era parente súa. Esta intentou espertar a vocación relixiosa de dona Beatriz, chegando a recorrer a promesas e incluso ameazas<sup>60</sup>.

---

<sup>58</sup> García-Fernández, M. (2012a). Arquetipos femeninos no imaxinario social do Occidente medieval (ss. XII-XIII). En M. García-Fernández, S. Cernadas Martínez, & A. Ballesteros Fernández (Eds.), *As mulleres na historia de Galicia: Actas do I Encontro Interdisciplinar de Historia de Xénero*, p. 164. Santiago de Compostela: Andavira Editora. Recuperado o 26/02/21 de: [https://www.academia.edu/1651207/Arquetipos\\_femininos\\_no\\_imaxinario\\_social\\_do\\_Occidente\\_medieval\\_ss\\_XII\\_XIII\\_?auto=download](https://www.academia.edu/1651207/Arquetipos_femininos_no_imaxinario_social_do_Occidente_medieval_ss_XII_XIII_?auto=download)

<sup>59</sup> García-Fernández, M. (2012b). Mujeres luchando por sí mismas. Tres ejemplos para el estudio de la toma de conciencia femenina en la Galicia bajomedieval. *Historia I+D. Revista de Estudios Históricos*, (1), p. 44. Recuperado o 21/1/21 de: <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/9870>

<sup>60</sup> García-Fernández, M. (2017b). Vivir y morir en femenino en la Galicia de los siglos XIV y XV. En E. J. Pardo, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, Consejo Superior de Investigaciones Científicas Galicia (Eds.), *Mujeres con poder en la Galicia medieval (siglos XIII-XV): Estudios, biografías y documentos*,

Dona Beatriz resistiuse a cumprir a vontade do seu irmán e manifestou publicamente o seu desacordo quitándose os hábitos relixiosos e saíndo do mosteiro<sup>61</sup>. Mais débese ter en conta que a pesar da súa determinación e conciencia de querer cambiar de vida isto non tería sido posible se non contase coa axuda do seu tío (o almirante don Alonso Enríquez) que lle axudou a abandonar o mosteiro. Despois disto, optou pola outra opción de vida que se lle ofrecía: o matrimonio.

Co seu casamento con Pedro Álvarez Osorio estableceuse unha alianza vantaxosa para os intereses familiares polo que non se pode afirmar se a elección deste marido estivo motivada polos seus desexos ou polos da súa familia. Algúns autores como Miguel García-Fernández<sup>62</sup> plantean a posibilidade de que accedese a este matrimonio porque era consciente do dereito a reclamar a herdanza do seu irmán e o seu marido podería apoiála a lograr a titularidade da Casa de Lemos, xa que o seu irmán morrera sen descendencia. Ademais, ao longo da súa vida intentou reunir de novo o triple condado de Trastámara, Lemos e Sarria pero non o conseguiu por mor do secuestro e dispersión deses bens por orde da Coroa despois de que seu irmán caese en desgraza na Corte de Juan II.

O matrimonio nas elites empregábase como unha ferramenta para establecer pactos vantaxosos entre liñaxes pero ás veces podía acabar derivando en conflitos, tal e como se pode ver na ruptura do compromiso matrimonial entre Mayor de Ulloa e Juan de Zúñiga<sup>63</sup>. Esta alianza puido romperse porque era un acordo por palabras de futuro e non por palabras de presente pero, aínda así, o incumprimento do acordado levou a don Juan de Zúñiga a invadir o señorío de Lope Sánchez de Ulloa e iniciar un proceso xudicial.

---

pp. 130-131. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas; Xunta de Galicia: Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento.

<sup>61</sup> García-Fernández, M. (2012b). Mujeres luchando por sí mismas. Tres ejemplos para el estudio de la toma de conciencia femenina en la Galicia bajomedieval. *Historia I+D. Revista de Estudios Históricos*, (1), pp. 45-46. Recuperado o 21/1/21 de: <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/9870>

<sup>62</sup> Ibidem, p. 47.

<sup>63</sup> García-Fernández, M. (2017b). Vivir y morir en femenino en la Galicia de los siglos XIV y XV. En E. J. Pardo, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, Consejo Superior de Investigaciones Científicas Galicia (Eds.), *Mujeres con poder en la Galicia medieval (siglos XIII-XV): Estudios, biografías y documentos*, pp. 87-92. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas; Xunta de Galicia: Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento.

A violencia contra dona Mayor de Ulloa manifestouse coa planificación do seu futuro durante a súa infancia, sen darlle opción a opoñerse e establecendo que ía casarse con don Juan de Zúñiga para favorecer os intereses dos seus pais e irmán<sup>64</sup>. Pero posteriormente ela quixo romper coa alianza anterior e comprometerse con Diego de Lemos, home co que finalmente se casaría a pesar de que pertencía a unha categoría inferior á dos Zúñiga na pirámide social galega (isto indica que este matrimonio non debeu estar motivado por intereses socioeconómicos).

Ante esta situación, Juan de Zúñiga iniciou un proceso xudicial para resolver a situación. Neste contexto recóllese o testemuño de dona Mayor<sup>65</sup> e aínda que nos chega a través da redacción dunha man masculina, segue sendo relevante para coñecer o seu malestar ante esa alianza. Nesa declaración, dona Mayor expón uns argumentos claros e contundentes para xustificar a invalidez desa alianza: nega terse casado por palabras de presente con Juan de Zúñiga (“*dito Juan de Stuniga de plaça e públicamente desía aver con ela casado por palabras de presente, o qual ela desía non aver pasado así nen Deus o quisesse*”), a súa falta de consentimento á hora de establecer o acordo matrimonial (“*ela antes e despoys que chegou a idade de dose anos que en eles expresava o contradesera o dito matrimonio et casamento, et non consentira en él, non consentía aynda agora, antes expresamente o contradesía e non lle prouvera nen prasía del*”), apoiándose no que estipula o dereito sobre a idade necesaria para que sexa válido (“*o casamente ou matrimonio con trahydo antes que a muller ouvise e aja dose anos e o home outros quatorse anos compridos, que según do dereito son legitimos anos para casar, non val de dereito nen ten fermesa alguna*”) e deixando claro o que pretendía conseguir coa sentenza xudicial (“*pedían ao dito Provisor e Vicario ou a outro qualquer seu lugatenente ou vicario [...] que por sua sentença defenitiva julgango pronunçiasse deçernise e declarase as ditas palabras de casamento ou matrimonio, se algunas de feyto ontre ela e o dito Juan de Stuniga avían pasado, non aver vigor de dereito*”). Finalmente, dona Mayor conseguiu

---

<sup>64</sup> García-Fernández, M. (2012b). Mujeres luchando por sí mismas. Tres ejemplos para el estudio de la toma de conciencia femenina en la Galicia bajomedieval. *Historia I+D. Revista de Estudios Históricos*, (1), pp. 51-52. Recuperado o 21/1/21 de: <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/9870>

<sup>65</sup> Ibidem, p. 53. Os fragmentos da declaración de dona Mayor que emprego para respaldar a miña análise aparecen recollidos na mesma páxina e obra que aparecen indicadas ao inicio desta nota.

a ratificación da invalidez desa alianza e a consecuente ruptura, podendo casarse co anteriormente citado don Diego de Lemos.

### 3. 2. Os casos de adulterio.

No ámbito galego obsérvase que algunhas mulleres cometeron adulterio e as solucións ao conflito xerado foron pacíficas. Este tipo de infidelidade poderíase ver como unha búsqueda activa das liberdades femininas na medida en que as adúlteras desafiaron a orde establecida e romperon os moldes conductuais que lles impoñía a sociedade.

Eses arquetipos femininos aparecían representados na literatura mais unha parte da mesma desenvolveu unha imaxe pexorativa e burlesca das mulleres (fundamentalmente a través do tema do adulterio) na que a descrición feminina centrábase en aspectos considerados como negativos<sup>66</sup>: a fealdade, a lascivia, a arrogancia, a hipocrisía ou a traizón. Unha mostra deste tipo de literatura burlesca atópase nas cantigas satíricas, pezas literarias nas que a infidelidade feminina empregábase para deshorrar ao marido. Un exemplo disto sería o seguinte:

*Dade m'alvissara\*, Pedr' Agudo<sup>67</sup>,  
e cresca-vos ende gabo:  
vossa molher á bon drudo\*\*,  
que fode já en seu cabo.  
Dade-m'alvissara, Pedr' Agudo,  
vossa molher á bon drudo.*

\*Alvissara-> gratificación ou recompensa.

\*\*Drudo-> termo de orixe provenzal que significa "amante carnal".

<sup>66</sup> García-Fernández, M. (2012a). Arquetipos femeninos no imaxinario social do Occidente medieval (ss. XII-XIII). En M. García-Fernández, S. Cernadas Martínez, & A. Ballesteros Fernández (Eds.), *As mulleres na historia de Galicia: Actas do I Encontro Interdisciplinar de Historia de Xénero*, pp. 159-160. Santiago de Compostela: Andavira Editora. Recuperado o 26/02/21 de: [https://www.academia.edu/1651207/Arquetipos\\_femininos\\_no\\_imaxinario\\_social\\_do\\_Occidente\\_medieval\\_ss\\_XII\\_XIII\\_?auto=download](https://www.academia.edu/1651207/Arquetipos_femininos_no_imaxinario_social_do_Occidente_medieval_ss_XII_XIII_?auto=download)

<sup>67</sup> Nesta cantiga pídeselle de forma xocosa a Pedro Agudo unha recompensa por avisalo de que a súa muller estalle sendo infiel porque mantén relacións sexuais con outro home. Recollida de: Pallares Méndez, M.ª C., et al. (1999). *Idade Media (1100-1500)*. En M. X. Rodríguez Galdo, *Textos para a historia das mulleres en Galicia*, p. 161. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Ponencia de Patrimonio Histórico.

Esta actitude de escarnio e rexeitamento ante o adulterio feminino estaba normalizada pola sociedade medieval xa que este tipo de infidelidades comportaban unha auténtica deshonra para o marido. Ademais, destas prácticas podía producirse a incorporación de fillos doutro home á liñaxe do marido, posibilidade que espertaba o temor masculino debido á súa incapacidade para asegurar a lexitimidade dos seus fillos sen recorrer á vixilancia exercida sobre o corpo feminino. A través do testamento outorgado por Juan García de Parada<sup>68</sup> en 1390 obsérvase esa situación xa que el tiña no seu poder os bens da súa muller Marina Pérez por mor do “*dulterio que me fezo*”. Ademais, a dúbida da lexitimidade dos seus fillos móstrase claramente cando dispón o seguinte: “*mando os outros bees que Remanysen a Gómez e Affonso que Marina Pérez diso que eran meus fillos*”. Resulta interesante que a pesar da infidelidade seguise vivindo coa súa muller pois nalgúns casos o marido enganado respondía con violencia para limpar a súa honra.

Outro exemplo no que o adulterio feminino intentou resolverse cunha solución pacífica foi o que nos presenta o caso de Pero de Montes<sup>69</sup>, quen o primeiro día de novembro de 1434 realizou ante o notario da cidade de Pontevedra un contrato de perdón dirixido á súa muller Tareixa Montes. Esta marchara do domicilio conxugal e cometera adulterio, pero o marido perdoaríaa se regresaba antes de abril de 1435. Este documento aporta moita información pois recolle a distinta procedencia dos membros da parella e a

---

<sup>68</sup> García-Fernández, M. (2017b). Vivir y morir en femenino en la Galicia de los siglos XIV y XV. En E. J. Pardo, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, Consejo Superior de Investigaciones Científicas Galicia (Eds.), *Mujeres con poder en la Galicia medieval (siglos XIII-XV): Estudios, biografías y documentos*, p. 110. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas; Xunta de Galicia: Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento.

<sup>69</sup> Pallares Méndez, M.ª C., et al. (1999). Idade Media (1100-1500). En M. X. Rodríguez Galdo, *Textos para a historia das mulleres en Galicia*, pp. 199-200. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Ponencia de Patrimonio Histórico.

sospeita de que a muller marchou ao seu lugar de orixe<sup>70</sup>, a intención do marido de perdoar a infidelidade e non denunciála<sup>71</sup>, as condicións que impón o home para volver aceptala<sup>72</sup>.

A anulación matrimonial e a posibilidade de contraer novas nupcias non se aplicaba a estes casos<sup>73</sup> pois estaba reservada fundamentalmente para as parellas nas que non desen procreado ou que houbese relacións de parentesco entre os cónxugues. Pero no documento de divorcio de Estevo Calvo e a súa muller Inés de Bobadilla recóllese unha excepción, pois a desencadeante da separación era o mutuo acordo entre os cónxugues despois de que ambos cometesen adulterio (*“ontre elles ha tal desconcordia e desaviinça e ynimistança asy de matromonio e copula carnal que hun errou contra o outro e ho outro contra ho outro et de adulterio que ambos a dous feseron”*)<sup>74</sup>. Ademais, amosan deixan claro cal é o obxectivo do divorcio: *“para que des aquí en deante cada huun delles faça de seu corpo a sua vontade livre et quite desenbargadamente sen contradición hun do oytro e se posa casar ou abarregar ou dormyr con qual quer persona que queseer”*. Aínda que este tipo de actuacións non son frecuentes nas fontes, son moi útiles para coñecer outras posibles interpretacións para o adulterio feminino e contribúen a saber máis sobre as mentalidades do momento.

---

<sup>70</sup> “*Eu Pero de Montes, natural do moesteiro de Santa Maria d’Asiveiro que soo presente, quero et outorgo que por quanto vos Tareija de Montes mïa moller, filla de Juan Branco et de Moor Gomes sua moller, que sodes absente, vos absentastes de mïa casa et poder, sen meu mandado et liçençia a outra parte a donde vos quisestes, por lo qual vos non queredes tornar a mia casa et poder, nen eso mesmo ousades de andar seguramente por la terra donde sodes natural*”. Ibidem, pp. 199-200.

<sup>71</sup> “*Reçeando vos que por lo dito absentamento que ay fezeistes que eu vos queira demandar et acusar por rason que avedes cometido pecado de adulterio [...] non costregudo por força nen por engano rescebido, mas de mïa livre et propia voontade et por lo amor de Deus, perdoo a vos*”. Ibidem, pp. 199-200.

<sup>72</sup> “*Et para esto asi seer mas firme, vos a dita Tareija de Montes ata o dito primeiro dia de abril avedes de viir aa iglesia de San Migell de Carvalleda, et desde que ende fordes fasermo a saber para que vos et eu falemos en hûu seguramente et conçertandonos para que en hûun façamos nosa vivenda, asi como por Deus et por dereito somos obligados de nos faser maridança*”. Ibidem, pp. 199-200.

<sup>73</sup> Pallares Méndez, M. <sup>a</sup> C. (2010). Conciencia y resistencia. La denuncia de la agresión masculina en la Edad Media. En R. Radl Philipp (Ed.), *Investigaciones actuales de las mujeres y del género*, pp. 197-198. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela e Intercambio Científico.

<sup>74</sup> Fragmentos do documento obtidos de: Pallares Méndez, M. <sup>a</sup> C., et al. (1999). Idade Media (1100-1500). En M. X. Rodríguez Galdo, *Textos para a historia das mulleres en Galicia*, p. 202. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Ponencia de Patrimonio Histórico.

### 3. 3. Os malos tratos e o asasinato.

A toma de conciencia feminina ante os diferentes tipos de violencia produciuse como resposta a múltiples actuacións contra as mulleres, tal e como vimos en apartados anteriores. No tocante aos malos tratos e os asasinatos, cabe destacar que este tipo de reaccións conscientes<sup>75</sup> conserváronse a través dos exemplos das fontes excepcionais nas que se recollen, pero non por iso eran menos representativos da mentalidade medieval. Os casos a tratar neste punto son os do apuñalamento de Elvira Rodríguez a mans do seu marido Juan Alfonso de Tenorio, o asasinato de Inés Enríquez de Monroy ordenado polo seu propio fillo Pedro Álvarez de Soutomaior e a denuncia por malos tratos que fai dona María Pimentel de Castro contra o seu marido Bernardino Pérez Sarmiento.

En abril de 1465, na cidade de Ourense e ante o notario García Fernández e as testemuñas necesarias, Juan Alfonso de Tenorio confesou publicamente os malos tratos que lle dera á súa muller Elvira Rodríguez<sup>76</sup>, chegando incluso ao apuñalamento (“*oouvera enojos e refera con sua moller Elvira Rodriguez, por lo qual él a ferira con un puñal*”). A resposta de muller foi fuxir do domicilio conxugal e buscar protección na casa do rexedor e xuíz da cidade (“*et a dita sua moller se sallira da sua casa, despoys de ferida, avendo mayor temor dél pra o adiante, e se fora a poer en casa de Pero Lopes da Barrera, regedor e juys da dita çibdade*”), pois era consciente de que este ao exercer as súas funcións debía protexela e facer valer os seus dereitos ante a lei. Esta forma de actuar é interesante porque non recorre a veciños ou familiares en busca de vinganza; busca a

---

<sup>75</sup> García-Fernández, M. (2013b). Las mujeres en las ciudades gallegas de la Baja Edad Media. Espacios, actividades, relaciones y conflictos. En Congreso Interdisciplinar de Jóvenes Historiadores, J. M. Aldea Celada, & F. Criado Boado (Eds.), *Los lugares de la historia*, p. 217. Salamanca: Hergar Ediciones Antema. Recuperado o 1/02/21 de:

[https://www.researchgate.net/publication/281933092\\_Las\\_mujeres\\_en\\_las\\_ciudades\\_gallegas\\_de\\_la\\_Baja\\_Edad\\_Media\\_Espacios\\_actividades\\_relaciones\\_y\\_conflictos](https://www.researchgate.net/publication/281933092_Las_mujeres_en_las_ciudades_gallegas_de_la_Baja_Edad_Media_Espacios_actividades_relaciones_y_conflictos)

<sup>76</sup> Todas as citas literais empregadas para ilustrar o caso de Elvira Rodríguez recollidas en: Pallares Méndez, M.ª C., et al. (1999). Idade Media (1100-1500). En M. X. Rodríguez Galdo, *Textos para a historia das mulleres en Galicia*, pp. 198-199. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Ponencia de Patrimonio Histórico.

unha autoridade xudicial que lle poida aportar unha solución xusta amparada polo dereito<sup>77</sup>.

O marido reacciona arrependíndose de ter actuado desa forma e coa intención de que Elvira Rodríguez volva ao fogar (“*rogava e requería aa dita sua moller que se tornase á sua casa a faser vida con él e seus fillos*”), prometeulle non volver maltratala (“*de non matar nin ferirá con espada nin con puñal nin con algún, nin con paaio peligroso, ni lle dará vida penada*”). Sen embargo, antes de volver aceptala esta debía aceptar novamente a dominación masculina e as condicións que impoñía o marido (“*et ela que lle seja obediente, segundo que debe ser moller á seu marido*”). Para que o compromiso de Juan Alfonso de Tenorio de non maltratar á súa muller fose máis sólido, este mandou elaborar un documento no que se recollían estes aspectos e a pena de vinte mil maravedís que debería pagar Juan Alfonso (ou os seus fiadores) en caso de incumprir o acordo.

Un dos exemplos de asasinato para a Galicia baixomedieval é o de dona Inés Enríquez de Monroy, ordenado por Pedro Álvarez de Soutomaior e especialmente significativo por tratarse dun matricidio<sup>78</sup>. Chegáronnos vestixios documentais deste caso porque dona Francisca Enríquez de Soutomaior (filla da vítima) pediulle xustiza aos monarcas, iniciando unha causa contra don Pedro (o seu irmán). Pénsase que un dos móbiles do crime podería ser que dona Francisca era a gran beneficiada da herdanza de dona Inés Enríquez, en detrimento do seu irmán Pedro. A sentenza ditada polo licenciado Ronquillo<sup>79</sup> contra don Pedro (a pena *cullei* ou do saco) non se cumpriu porque este refuxiárase en Portugal porque alí tiñan os Soutomaior intereses estratéxicos, políticos e patrimoniais, polo que non foi apresado. A confiscación dos bens de don Pedro non foi

---

<sup>77</sup> Pallares Méndez, M. <sup>a</sup> C. (2010). Conciencia y resistencia. La denuncia de la agresión masculina en la Edad Media. En R. Radl Philipp (Ed.), *Investigaciones actuales de las mujeres y del género*, p. 196. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela e Intercambio Científico.

<sup>78</sup> Este asasinato considerárase como machista na actualidade. García-Fernández, M. (2017b). Vivir y morir en femenino en la Galicia de los siglos XIV y XV. En E. J. Pardo, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, Consejo Superior de Investigaciones Científicas Galicia (Eds.), *Mujeres con poder en la Galicia medieval (siglos XIII-XV): Estudios, biografías y documentos*, pp. 191-192. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas; Xunta de Galicia: Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento.

<sup>79</sup> *Ibidem*, pp. 195-196.

parar ás mans de dona Francisca, senón na Coroa pero isto tamén se incumpriu cando en 1527 lle foron restituídos a dona Urraca Osorio de Moscoso (muller de don Pedro) porque esta fixera unha petición ao monarca para que os seus fillos puidesen acceder á herdanza. Polo tanto, don Pedro foi quen de esquivar a condena de 1518 no que o acusaban de matricida e a de 1532 na que o condenaban por falsificación documental.

Dona María Pimentel de Castro constitúe un exemplo de denuncia do maltrato físico e psicolóxico ao que a someteu o seu marido, don Bernardino Pérez Sarmiento. As capitulacións matrimoniais<sup>80</sup> entre ambos establecéranse en 1473 pero para 1487 tiveran dúas fillas que serían as futuras condesas de Ribadavia e xa se producira a anulación do matrimonio por malos tratos.

O preito no que se enfrontaron dona María e o seu marido (conde de Ribadavia e Adiantado Maior do Reino de Galicia) concluíu coa anulación do matrimonio en 1487, pero anteriormente a condesa de Ribadavia tivera que argumentar a súa demanda. Para tal fin, declarou o seu descoñecemento sobre o desposorio por palabras de presente de don Bernardino con dona Teresa de Zúñiga que tivera lugar antes do seu matrimonio<sup>81</sup>. Despois de comprobarse isto, na sentenza recóllese que cando que naquel momento o conde tiña quince anos e a dona Teresa vinte anos, polo que ambos tiñan a idade necesaria para que o matrimonio fose lexítimo e este dato era coñecido en todas as terras do conde de Ribadavia, polo que o casamento posterior con dona María Pimentel de Castro quedaba anulado<sup>82</sup>.

Mais este caso é moito máis complexo, tal e como nolo mostra o requirimento dos Reis Católicos<sup>83</sup> no que se plasma a denuncia que presentara dona María Pimentel de

---

<sup>80</sup> García-Fernández, M. (2012b). Mujeres luchando por sí mismas. Tres ejemplos para el estudio de la toma de conciencia femenina en la Galicia bajomedieval. *Historia I+D. Revista de Estudios Históricos*, (1), p. 58. Recuperado o 21/1/21 de: <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/9870>

<sup>81</sup> “no pudiendo ellos ser casados en uno porque antes e al tiempo del dho desposorio, el señor Conde hera desposado públicamente por palabras de presente que hicieron matrimonio con doña teresa destuñiga fija del Señor Juanm destuñiga Señor de monterrey nolo sabiendo la dha Señora Condessa”. Ibidem, p. 59.

<sup>82</sup> Ibidem, p. 60.

<sup>83</sup> No requirimento recollía o seguinte: “dys que de poco tienpo aca, allende de la aver maltratado e non como convenia seyendo vuestra muger, la tovistes detenida en una vuestra fortaleza e la apremiastes a que constituyese un procurador para entre vos e ella se tratase pleyto ante los provisosores de Palençia sobre

Castro ante os reis buscando xustiza por mor dos malos tratos que lle ocasionara don Bernardino. Segundo o expresado nese documento, o maltrato ao que o conde de Ribadavia sometera a dona María Pimentel tería como obxectivo promover o seu divorcio, aínda que a demandante fose a condessa. Para Miguel García Fernández<sup>84</sup> parece probable que parte do malestar conxugal entre os condes de Ribadavia tivese a súa orixe na imposibilidade de aumentar a descendencia e non teren un fillo varón. Nese contexto, parece que don Bernardino culpaba á súa muller de non poder darlle máis fillos e, por iso, pretendía acabar co seu matrimonio para intentar ter un fillo con outra muller.

Todo parece indicar que inicialmente María Pimentel cedera á presión do seu marido e solicitara o divorcio pero, posteriormente, tomaría conciencia da súa situación e denunciou publicamente os malos tratos que sufrira para buscar que o seu marido non quedase impune<sup>85</sup>. En consecuencia, elevou as súas queixas directamente aos Reis, advertíndoos previamente do poder de don Bernardino na súa terra, factor que dificultaba a obtención de xustiza sen axuda rexia. Asemade, a denuncia de dona María Pimentel non conseguiu ningún castigo para o agresor porque este non se presentou ante os Reis, argumentando que estaba enfermo (unha táctica similar á de don Pedro Álvarez de Soutomaior, ambas co obxectivo de eludir a xustiza).

### 3. 4. As agresións sexuais.

O exemplo a tratar neste apartado do traballo informa sobre a denuncia dun intento de violación que fai Teresa Gómez (a propia afectada) e a declaración dunha testemuña no xuízo. Nos protocolos do notario ourensán Álvaro Alfonso<sup>86</sup> atópanse os dous documentos nos que se plasmou detalladamente o intento de violación que sufriu Teresa Gómez.

---

*el divorcio del dicho matrimonio, diciendo que vos antes que con ella casades, herades desposado por palabras de presente con Doña Theresa de Estuñiga". Ibidem, p. 61.*

<sup>84</sup> Ibidem, p. 62.

<sup>85</sup> Ibidem, pp. 62-63.

<sup>86</sup> Pallares Méndez, M. <sup>a</sup> C. (2010). Conciencia y resistencia. La denuncia de la agresión masculina en la Edad Media. En R. Radl Philipp (Ed.), *Investigaciones actuales de las mujeres y del género*, p. 195. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela e Intercambio Científico.

Ante esta agresión, a afectada decidiu defenderse activamente polo que o 29 de abril de 1458 presentou unha querela contra o criado de Juan de Novoa por un intento de violación ocorrido o día anterior e faino nun espazo público (“*en Ourense, ena praça do Campo, Tareija Gomes, filla de Gomes de Toylo, deu querella...*”)<sup>87</sup> ante unha institución pública como a audiencia de xustiza. Isto indica que ela coñecía os seus dereitos e a quen debía dirixirse para buscar unha solución xusta ao seu problema.

Por que resulta tan interesante este caso? Por recoller directamente o relato da vítima o que nos permite aproximarnos moito máis á súa forma de ver e vivir o suceso (a pesar de que a declaración fora copiada nun documento por outra persoa). Tamén relata con todo luxo de detalles<sup>88</sup> a situación na que se produce o ataque (“*como o dia donte, a médeo dia, estando ela mansa et segura no Seixo, cabo da viña de Roy Gomes e de Roy Gonçalves, e non fasendo mal nen nojo a persoa algúa, por que mal deve se receber*”), como a abordou o acusado (“*dito Johán aderençara a ella et que a tomara por los cabelos e a leva arrastro por dormyr con ela*”), a forma na que se defendeu e resistiu concienciadamente<sup>89</sup> (“*dito Johán, ome do dito provisor, jaser ençima da dita Tareija do Toylo et ela que pona en ela as pernas e as maaos por las abryr et non podía, et por que as non quería abrir, que lle daba bofetadas et ela, descabellada, jasendo en terra...*”) e a intervención final do cóengo Roy García e o seu criado Gonzalo García no seu favor (“*o dito Johán dava paancadas, por que lle non quería estar queda que dormise con él, que vira que era mal feyto, et que diseron ao dito Johán: andar pera vylaa, treidor, leyxade a moller, et non a desonrredes, non lle façades mal*”). Ademais, no xuízo intervén

---

<sup>87</sup> Pallares Méndez, M. <sup>a</sup> C., et al. (1999). Idade Media (1100-1500). En M. X. Rodríguez Galdo, *Textos para a historia das mulleres en Galicia*, pp. 197-198. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Ponencia de Patrimonio Histórico.

<sup>88</sup> Todas estas citas literais da fonte foron extraídas de: Pallares Méndez, M. <sup>a</sup> C., et al. (1999). Idade Media (1100-1500). En M. X. Rodríguez Galdo, *Textos para a historia das mulleres en Galicia*, pp. 197-198. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Ponencia de Patrimonio Histórico.

<sup>89</sup> As citas da defensa contra a agresión e a intervención do cóengo e o seu criado atópanse en: Pallares Méndez, M. <sup>a</sup> C., et al. (1999). Idade Media (1100-1500). En M. X. Rodríguez Galdo, *Textos para a historia das mulleres en Galicia*, p. 198. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Ponencia de Patrimonio Histórico.

ela por si mesma, sen necesidade de intermediarios que falen no seu nome pois o cóengo na súa declaración baixo xuramento limítase a confirmar o seu testemuño<sup>90</sup>.

En conclusión, este caso constitúe un exemplo da toma de conciencia feminina pois a afectada por un intento de violación móstrase disposta a denunciar e facer pública a agresión para buscar o compromiso dos rexedores de prender ao agresor e aplicarlle a pena estipulada para tal fin no dereito. Ademais, faino de forma activa (non deixa a búsqueda de xustiza en mans de terceiros), con rapidez (fai a denuncia o día despois do altercado) e aportando testemuñas que confirmen a súa declaración para lograr unha sentenza favorable.

### **Conclusiones.**

Mediante a análise da documentación pódese observar a dificultade que tiveron as mulleres á hora de ser cridas nos procesos xudiciais cando denunciaban algún tipo de violencia, especialmente no caso dos abusos sexuais. Pola contra, os homes beneficiábanse polos privilexios que lles outorgaba a sociedade patriarcal na que vivían e o contraste entre estas situacións provocou que, con frecuencia, moitas mulleres decidisen optar polo silencio. Ademais, esa aproximación ás fontes primarias posibilitou a búsqueda de exemplos cos que ilustrar actitudes que actualmente consideramos violentas (a privación de liberdades, a imposibilidade de decidir sobre o seu corpo e o seu futuro) que non estaban penadas pola lei e que os membros da sociedade medieval tiñan interiorizadas.

Por iso, tal e como defende Miguel García-Fernández<sup>91</sup>, débese ter en conta que a transgresión dos modelos de conduta asignados ás mulleres e que determinaban a construción do xénero feminino en oposición ao masculino, non era unha tarefa sinxela. Esta idea refórzase se reflexionamos sobre a complexa definición dalgúns dos binomios

---

<sup>90</sup> Pallares Méndez, M. <sup>a</sup> C. (2010). Conciencia y resistencia. La denuncia de la agresión masculina en la Edad Media. En R. Radl Philipp (Ed.), *Investigaciones actuales de las mujeres y del género*, p. 195. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela e Intercambio Científico.

<sup>91</sup> García-Fernández, M. (2013a). Las élites femeninas en las ciudades gallegas de la Baja Edad Media. *Mirabilia: Electronic Journal of Antiquity, Middle & Modern Ages*, (17), p. 387. Recuperado o 21/04/20 de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5180462>

de conceptos máis significativos para estudar os tipos de violencia contra as mulleres (violencia de xénero – violencia contra as mulleres, marital corrección – malos tratos ou violación – estupro).

No tocante ao grao de cumprimento do obxectivo deste traballo (centrarse en afondar no coñecemento dos episodios violentos que experimentaron as mulleres independentemente da súa posición socioeconómica e intentar dilucidar a súa capacidade de resposta), considero que se logrou na medida en que o espazo mo permitiu pois só puiden recorrer a algúns exemplos para amosar a progresiva toma de conciencia por parte das mulleres. Mais durante a elaboración desta investigación atopeime con algunhas dificultades, principalmente intentar non caer no vitimismo cando explicaba os tipos de violencia exercidos contra as mulleres para non contribuír á “infantilización” desas mulleres mediante a cal se perpetua a idea de que non foron capaces de defenderse en ningún momento das inxustizas que sufriron.

Por este motivo, considerei como algo fundamental estudar a toma de conciencia para aportar outra perspectiva dende a que se pode descubrir que existiron mulleres que lle plantaron cara a esas situacións desfavorables, esixindo que se fixese xustiza e facendo valer os seus dereitos apoiadas pola lei. Penso que este debería ser un enfoque a ter en conta nos estudos sobre historia de xénero, pois podería aportar novas visións sobre temas coñecidos e o descubrimento doutros novos a partir do manexo da mesma documentación. Neste sentido, e para concluír, gustaríame reproducir aquí unha frase da profesora María Isabel del Val Valdivieso<sup>92</sup> que considero pertinente: “*É moi difícil encontrar o que non se busca, aínda que non sempre se encuentre o buscado*”.

---

<sup>92</sup> Del Val Valdivieso, M. I. (2015). Mujeres. Entre el silencio ¿forzado? Y la reivindicación. En. López Ojeda (Ed.), *Nuevos temas, nuevas perspectivas en historia medieval: XXV Semana de Estudios Medievales, Nájera, del 28 de julio al 1 de agosto de 2014*, p. 87. Logroño: Instituto de Estudios Riojanos. Recuperado o 21/01/21 de <http://uvadoc.uva.es/handle/10324/34500>

## Anexo

Testemuño de dona Mayor de Ulloa no xuízo de anulación do compromiso con Juan de Zúñiga:

*“desía que a sua notiçia avia novamente viindo que o dito Juan de Stuniga de plaça e públicamente desía aver con ela casado por palabras de presente, o qual ela desía non aver pasado así nen Deus o quisese; e posto que asy ouvise siido, o que non confesava, que algunas palabras ontre eles de casamento ou alias de matrimonio ou asemellança del en alguno tempo ouvese pasado, que ao dito tempo ela non era de ydade más que de nove ou des anos pouquo mais ou menos tempo, e que ela antes e despoys que chegou a idade de dose anos que en eles expresava o contradesera o dito matrimonio et casamento, et non consentira en él, non consentía aynda agora, antes expresamente o contradesía e non lle prouvera nen prasía del, et que si alguas taes palabras de feyto avian pasado que ela despoys fasta agora, en público e en ascondido, no avía consentido nen consentira en elas, nen consentía; e que segundo dereito o matrimonio ontre eles moços menores de ydad ligitima antes dos ligitimos anos feyto ou contraydo non balía nen tiinan por que ela desía que os moços antes dos ligitimos anos por suas solas palabras non contrayan, nen contrahen, como se entendan en manera alguna de dereito non consentyr; e que o casamente ou matrimonio con trahydo antes que a muller ouvise e aja dose anos e o home outros quatorse anos compridos, que según do dereito son ligitimos anos para casar, non val de dereito nen ten fermesa alguna. Por ende que pedían ao dito Provisor e Vicario ou a outro qualquer seu lugatenente ou vicario, en persona de seu procurador para elo suficiente instruto, que por sua sentença defenitiva julgango pronunçiasse deçernise e declarase as ditas palabras de casamento ou matrimonio, se algunas de feyto ontre ela e o dito Juan de Stuniga avían pasado, non aver vigor de dereito”.*

Publicado en: García-Fernández, M. (2012b). Mujeres luchando por sí mismas. Tres ejemplos para el estudio de la toma de conciencia femenina en la Galicia bajomedieval. *Historia I+D. Revista de Estudos Históricas*, (1), p. 53. Recuperado o 21/1/21 de: <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/9870>

Cantiga de escarnio sobre o adulterio feminino, composta por Pero da Ponte:

*Dade-m' alvissara, Pedr' Agudo,*

*e ôi-mais sodes guarido:*

*vossa molher á bon drudo,*

*baroncinho mui velido.*

*Dade-m' aalvissara, Pedr' Agudo,*

*vossa molher á bon drudo.*

*Dade m' alvissara, Pedr' Agudo,*

*e cresca-vos ende gabo:*

*vossa molher á bon drudo,*

*que fode já en seu cabo.*

*Dade-m' alvissara, Pedr' Agudo,*

*vossa molher á bon drudo.*

Publicado en: Pallares Méndez, M. <sup>a</sup> C., et al. (1999). Idade Media (1100-1500). En M. X. Rodríguez Galdo, *Textos para a historia das mulleres en Galicia*, p. 161. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Ponencia de Patrimonio Histórico.

Contrato de perdón de Pero de Montes dirixido á súa esposa Tareixa Montes:

*O primeiro dia do mes de novembro. Sabean todos que eu Pero de Montes, natural do moesteiro de Santa Maria d'Asiveiro que soo presente, quero et outorgo que por quanto vos Tareixa de Montes mîa moller, filla de Juan Branco et de Moor Gomes sua moller, que sodes absente, vos absentastes de mîa casa et poder, sen meu mandado et liçençia a outra parte a donde vos quisestes, por lo qual vos non queredes tornar a mia casa et poder, nen eso mesmo ousades de andar seguramente por la terra donde sodes natural, nen paresçer ante mî nen lugar donde eu de vos aja notiçia et parte de vos posa costrenjer por rigor de dereito, reçeando vos que por lo dito absentamento que ay fezeistes que eu*

*vos queira demandar et acusar por rason que avedes cometido pecado de adulterio; por ende eu o dito Pero de Montes que asi soo presente, non costregudo por forza nen por engano rescebido, mas de mîa livre et propia voontade et por lo amor de Deus, perdoo a vos a dita de Montes mîa moller, que sodes absente asi como se fosedes presente, todo erro et mal et dano et interese que eu resçebese et ouvese por rason do dito absentamento que asi fezeistes, e teso mesmo todo pecado de adulterio que vos fezesedes et cometesedes et fezeistes et cometestes des lo teno que sodes mîa moller et comigo casastes ata este presente dia er que fezerdes er cometerdes, o que Deus non queira, desde oje que esta carte he feita ata o primeiro dia do mes de abril primeiro que ven, que seera en este ano primeiro que verra de mill et quatroçentos et trinta et cinco anos et qualquer copulaçon que fezesedes ou fezeistes ou feserdes ata o dito dia con qualquer persona en meu perjuisio. Et para esto asi seer mas firme, vos a dita Tareija de Montes ata o dito primeiro dia de abril avedes de vîir aa iglesia de San Migell de Carvalleda, et desde que ende fordes fasermo a saber para que vos et eu falemos en hûu seguramente et concertandonos para que en hûun façamos nosa vivenda, asi como por Deus et por dereito somos obligados de nos faser maridança segundo manda Deus et Santa Iglesia et non nos//*

*(roto de 6-7 liñas no comezo do folio)*

*et eu como dito he de boo (roto) vos perdoo et dou por livre et quita, para qui et por ante Deus, de todo mal, dano, pecado et copulaçon et adulterio que vos cometestes et fezeistes et cometerdes et feserdes en meu perjuisio ata o dito primeiro dia de abril, et prometo et outorgo aa boa fe de Deus ter sen mao engâno et por juramento que ende faço en este sinal de crus en lugar de santos avangeos, que eu que vos lo teña et compra et agarde asi, et que en publico nen scondido vos nen beña nen pase, por min nen por outro, contra elo nen contra parte delo, et demais concertandonos êna dita vivenda que, esn embargo do sobre dito, vos faça maridança do corpo et do aver ben et lealmente asi como marido a moller et por la via et forma que manda Deus et Santa Iglesia, et non no tendo et comprindo en todo asi et yndo et pasando contra elo, que eu seja enfames et fe perjuro, et me costamio (?) de non ser de tal pecado asolto salvo por noso señor o papa; et demais que eu de e page por pena en nome de interese a vos a dita Maria de Montes dosentos froliins de ouro do cuño de Aragon, et apena pagada ou non que senpre este contrabto*

*este firme, sobre lo qual renunçio as leis do dereito, dolo, engano, medo, força, endusimento et a todas las outras et dereitos canonicos et cevils et impereaaas et reaaas de que me eu ou outro por min pudeiramos ajudar para contra esto que dito he viir, que quero et outorgo que me non vallan nen sejamós sobrelo nen sobre parte delo oydos nen resçebidos en juisio nen fora del; et por que esto seja çcerto outorgey ende este contrabto de perdon ante o notario et testemoyas de juso scriptas. Que foi outorgado na villa de Pontevedra, ano, dias, mes sobre ditos. Testemoyas que foron presentes, Afonso Soares caldeirerio morador êna dita villa et Garçia Corto et Gomes moradores en Ribadavia et Gil Martines clerigo de San Justo d'Avion et outros.*

Publicado en: Pallares Méndez, M. <sup>a</sup> C., et al. (1999). Idade Media (1100-1500). En M. X. Rodríguez Galdo, *Textos para a historia das mulleres en Galicia*, pp. 199-200. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Ponencia de Patrimonio Histórico.

Divorcio de común acordo entre Esteban Calvo e a súa muller Inés de Bobadilla:

*Estevo Calbo e a sua moller.*

*Feita e dada, notada no libro manual.*

*En este dia Estevo Calbo e a sua moller Eynes de Bobadilla, por rason anbos os dous son casados e o dito Estevo Calbo requeriu a ela por moller et ela a el por marydo et por quanto ontre elles ha tal desconcordia e desaviinça e ynimistança asy de matromonio e copula carnal que hun errou contra o outro e ho outro contra ho outro et de adulterio que anbos a dous feseron et se rraron, por lo qual anbos estan en (paas) se fesesen vida et por tal de faser serviço a Deus et cada huun faser do corpo ao seu (cabente) etç. por donde qye des aqui en deante davan (carta de)... hun ao outro et ho outro ao outro para que des aquí en deante cada huun delles faça de seu corpo a sua vontade livre et quite desenbargadamente sen contradicon hun do oytro e se posa casar ou abarregar ou dormyr con qual quer persona que queseer sen embargo hun do outro, ben como se nonca fosen casados e fosen livres por sentença e dados por livres et quites etç. et perdoaron hun ao outro e outro ao outro todos et quaes quer erros e maldades e senrasoons e vitoperios e adulterios que hun aja feito ao outro ata este presente dia e feseren des aqui*

*en deante, por quanto non podían seer casados etç. para o qual ambos feseron preito de nonca demandar hun ao outro nen outro ao outro nen de se acusaren beb querellaren so penna de ynñames e fee per juros etç. sobre i cal outorgaron contrauto forte e firme etç. Tests. Rodrigo Yanes clerigo do coro da iglesia d'Ourense et Afonso de Logilde e Vasco criados de Pascoal Rodrigues e outros. (p. 202)*

Publicado en: Pallares Méndez, M. <sup>a</sup> C., et al. (1999). Idade Media (1100-1500). En M. X. Rodríguez Galdo, *Textos para a historia das mulleres en Galicia*, p. 202. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Ponencia de Patrimonio Histórico.

Juan Afonso de Tenorio confesa públicamente os malos tratos que lle proporcionara á súa muller Elvira Rodríguez:

*Ano di nasçemento do noso señor IHu Xpo de mull e quatroçentos sessenta e cinco anos, tres dias do mes de abril, ena cibdade de Ourense, en presencia de mi notario e testigos infrascritos, paresçio Juan Afonso de Tanorio, mercador, veciño da dita çibdade d'Ourense, et diso que por quanto él, procurante el enemigo do linaje humanal, ououvera enojos e refera con sua moller Elvira Rodriguez, por lo qual él a ferira con un puñal, por lo qual se arrepentía, et a dita sua moller se sallira da sua casa, despoys de ferida, avendo mayor temor dél pra o adiante, e se fora a poer en casa de Pero Lopes da Barrera, regedor e juys da dita çibdade, que él arrepentíndose do mal feito que fesera et propoendo de aqui adiante usar con a dita sua moller en ben, como Deus e a nossa madre Santa Iglesia manda, rogava e requería aa dita sua moller que se tornase á sua casa a faser vida con él e seus fillos. Et él que prometía e prometio de non matar nin ferirá con espada nin con puñal nin con algún, nin con paaos peligrosos, ni lle dará vida penada, mays que fará vida con ela, como Deus manda e anossa madre Santa Iglesia. Et ela que lle seja obediente, segundo que debe ser moller á seu marido, pero o qual así tener e goardar e obligó sí a sus bens mobles e rreyses, avidos e por aver, en pena de viinte mil mrs vellos de moeda vella, a meatade que seja pera don Juan Gonçales, electo da iglesia d'Ourense, e a outra metade pera o dito Pero Lopes, juys. E pera o qual todo ben teer e goardar o dito Juan Afonso deu consigo por fiador e principales pagadores a Goterre*

*Gonçales d'Allaris, escudeiro, morador en Mesquita, e a Gomes de Ramoyn, mercador, vesião de Ourense, que era presente, e se otorgaron por tales fiadores asía a todo lo susodito como aa dita pena. E mays o dito Nuno Gonçález sallío por fiador por la dita Elvira Rodrigues que ela lle será obediente e servente en todas as cousas justas, segundo que debe faser moller á seu marido, sobreo qual o dito Juan Afonso e os ditos fiadores mandaron faser a mí Garçia Fernandes, canónigo e notario, hua obligación, a mays forte e firme que faser poder á consello de letrados. Testigos que foron presentes: o señor don Juan Gonçales de Deza, eleto da dita iglesia, Fernán Gonçáles e Ramoyn, raçoeyro ena dita iglesia, e Dieg'Ares de Maçaria, morador en ----, e outros.*

Publicado en: Pallares Méndez, M. <sup>a</sup> C., et al. (1999). Idade Media (1100-1500). En M. X. Rodríguez Galdo, *Textos para a historia das mulleres en Galicia*, pp. 198-199. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Ponencia de Patrimonio Histórico.

Denuncia de Teresa Gómez ante os rexedores da cidade de Ourense dun intento de violación:

*Ano de LVIII, a viinte er nove dias do mes de abril, en Ourense, ena praça do Campo, Tareija Gomes, filla de Gomes de Toylo, deu querella a Vaasco Gomes et Martin do Cabo et Gonçalvo de Reqeixo e a Johán Cortydo, rejedores, et a Nuno d'Ousende procurador do conçello, de Johán, criado de Johán de Nóboa, que agora vive con Gonçalvo da Beiga, provisor, disendo que en como o dia donte, a médeo dia, estando ela mansa et segura no Seixo, cabo da viña de Roy Gomes e de Roy Gonçalves, e non fasendo mal nen nojo a persoa algúa, por que mal deve se receber, que o dito Johán aderençara a ella et que a tomara por los cabelos e a leva arrastro por dormyr con ela, et, se non fora Roy Garçia, canónigo, e hun seu moço, Gonçalvo Garçia, que a forçara et dormira con ela, o qual todo dava por queixa et querella con juramento que fasía, e que lles requería que procedese contra él, segundo que o dereito manda et requiere en tal caso. Et os ditos rejedores et procurador diseron que lles pesava dello et, que se o podesen aver, que o prenderían et farían aquello que con dereito devesen, et que protestavan de*

*o qeixar et querellar a noso señor el Rey. Testigos: Gomes de Mugares et Ares de Prado, Roy Gonçalves, meestre Antonyo, Diego de Bubón, notario.*

Declaración do cóengo Roy García confirmando o testemuño de Teresa Gómez:

*Despois desto, ena dita çidade d'Ourense, triinta dias do mes de abril do dito ano, Nuno d'Ousende presentou por testigo ante Afonso Gonçalves, bachiller et vigario do señor obispo, a Roy Garçia, canónigo ena iglesia d'Ourense, do quela o tido vigario sacou juramento en forma devida por las ordees que aya reçebidas de San Pedro et de San Payllo, por lo qual prometeu de diser verdade. Et, feito o dito juramento, diso et declarou que, dia sexta feira, él fora veer a sua viña de Pousada, onte él e seu moço Gonçalvo, et, andando asy de tras Outeiro da dita viña, que oya dar voses disendo "Ay del Reym acorreme". Et quando oyra as voses que seiran açima, eno chao da viña, e que vira ao dito Johán, ome do dito provisor, jaser ençima da dita Tareija do Toyllo et ela que pona en ela as pernas e as maaos por las abryr et non podía, et por que as non quería abrir, que lle daba bofetadas et ela, descabellada, jasendo en terra, et disendo "Ay del Rey, ay del Rey". Et él e seu criado, quando a asy vyron jaser et que lle o dito Johán dava paancadas, por que lle non quería estar queda que dormise con él, que vira que era mal feyto, et que disseron ao dito Johán "andar pera vylao, treidor, leyxade a moller, et non a desonrredes, non lle façades mal". Et é entonçes que se fora et ela que se cobrera do seu pelote et se entoucara. Et que asy o desía por lo dito juramento que feyto avya. Testigos: Johán Gonçalves, arçediano, Gomes de Mugares, Johán Paas, notario, Fernando Afonso da Torre.*

Publicado en: Pallares Méndez, M. <sup>a</sup> C., et al. (1999). Idade Media (1100-1500). En M. X. Rodríguez Galdo, *Textos para a historia das mulleres en Galicia*, pp. 197-198. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Ponencia de Patrimonio Histórico.

## Bibliografía

Bazán Díaz, I. (2008). La violencia legal del sistema penal medieval ejercida contra las mujeres. *Clío & Crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, (5), pp. 203–227. Recuperado o 30/01/21 de:

<https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2777406>

Córdoba de la Llave, R. (2004). Violencia cotidiana en Castilla a fines de la Edad Media. En J.-L. Martín, J. I. de la Iglesia Duarte, Asociación “Amigos de la Historia Najerillense.” & Nájera (Eds.), *Conflictos sociales, políticos e intelectuales en la España de los siglos XIV y XV*, pp. 393–444. Logroño: Gobierno de La Rioja, Instituto de Estudios Riojanos. Recurado o 21/1/21 de:

<https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=978640>

Córdoba de la Llave, R. (Ed.). (2006). Mujer, marginación y violencia entre la Edad Media y los tiempos modernos. En *Mujer, marginación y violencia entre la Edad Media y los tiempos modernos*, pp. 7–27. Córdoba: Servicio de Publicaciones, Universidad de Córdoba.

Córdoba de la Llave, R. (2008). Consideraciones en torno al delito de agresión sexual en la Edad Media. *Clío & Crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, (5), pp. 187–202. Recuperado o 30/01/21 de:

<https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2777397>

Da Silva e Silva, A., et al. (2019). Una revisión histórica de las violencias contra mujeres. *Revista Direito e Práxis*, 10(1), pp. 170–197. <https://doi.org/10.1590/2179-8966/2018/30258>

Del Val Valdivieso, M. I. (2015). Mujeres. Entre el silencio ¿forzado? Y la reivindicación. En López Ojeda (Ed.), *Nuevos temas, nuevas perspectivas en historia medieval: XXV Semana de Estudios Medievales, Nájera, del 28 de julio al 1 de agosto de 2014*, pp. 83–104. Logroño: Instituto de Estudios Riojanos. Recuperado o 21/01/21 de <http://uvadoc.uva.es/handle/10324/34500>

Fuente Pérez, M. J. (2011). La violencia contra las mujeres. Una lacra con lejano pasado. En M. J. Fuente Pérez (Ed.), *Raíces Profundas. La violencia contra las mujeres (Antigüedad y Edad Media)*, pp. 11–24. Madrid: Ediciones Polifemo.

García-Fernández, M. (2012a). Arquetipos femeninos no imaxinario social do Occidente medieval (ss. XII-XIII). En M. García-Fernández, S. Cernadas Martínez, & A. Ballesteros Fernández (Eds.), *As mulleres na historia de Galicia: Actas do I Encontro Interdisciplinar de Historia de Xénero*, pp. 141–171. Santiago de Compostela: Andavira Editora. Recuperado o 26/02/21 de:

[https://www.academia.edu/1651207/Arquetipos\\_femininos\\_no\\_imaxinario\\_social\\_do\\_Occidente\\_medieval\\_ss\\_XII\\_XIII\\_?auto=download](https://www.academia.edu/1651207/Arquetipos_femininos_no_imaxinario_social_do_Occidente_medieval_ss_XII_XIII_?auto=download)

García-Fernández, M. (2012b). Mujeres luchando por sí mismas. Tres ejemplos para el estudio de la toma de conciencia femenina en la Galicia bajomedieval. *Historia I+D. Revista de Estudos Históricos*, (1), pp. 33–70. Recuperado o 21/1/21 de: <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/9870>

García-Fernández, M. (2013a). Las élites femeninas en las ciudades gallegas de la Baja Edad Media. *Mirabilia: Electronic Journal of Antiquity, Middle & Modern Ages*, (17), pp. 337–393. Recuperado o 21/04/20 de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5180462>

García-Fernández, M. (2013b). Las mujeres en las ciudades gallegas de la Baja Edad Media. Espacios, actividades, relaciones y conflictos. En Congreso Interdisciplinar de Jóvenes Historiadores, J. M. Aldea Celada, & F. Criado Boado (Eds.), *Los lugares de la historia*, pp. 203–227. Salamanca: Hergar Ediciones Antema. Recuperado o 1/02/21 de: [https://www.researchgate.net/publication/281933092\\_Las\\_mujeres\\_en\\_las\\_ciudades\\_gallegas\\_de\\_la\\_Baja\\_Edad\\_Media\\_Espacios\\_actividades\\_relaciones\\_y\\_conflictos](https://www.researchgate.net/publication/281933092_Las_mujeres_en_las_ciudades_gallegas_de_la_Baja_Edad_Media_Espacios_actividades_relaciones_y_conflictos)

García-Fernández, M. (2017a). Investigando as marxes e expresións de liberdade feminina na Idade Media: Voces e actuacións de mulleres ante os “malos casamentos.” En A. González Penín, E. Aguayo Lorenzo, & A. J. López Díaz, *Transformando dende a universidade: V Xornada Universitaria Galega en Xénero, XUGeX*, pp. 249–260.

García-Fernández, M. (2017b). Vivir y morir en femenino en la Galicia de los siglos XIV y XV. En E. J. Pardo, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, Consejo Superior de Investigaciones Científicas Galicia (Eds.), *Mujeres con poder en la Galicia medieval (siglos XIII-XV): Estudios, biografías y documentos*, pp. 73–222. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas; Xunta de Galicia: Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento.

García-Fernández, M. (2018). Voces, susurros y silencios femeninos en la documentación medieval gallega. En E. Corral Díaz (Ed.), *Voces de mujeres en la Edad Media: Entre realidad y ficción*, pp. 113–123. Berlin: De Gruyter. Recuperado o 17/10/20 de: [https://www.jstor.org/stable/j.ctvbkjv2x.10?seq=1#metadata\\_info\\_tab\\_contents](https://www.jstor.org/stable/j.ctvbkjv2x.10?seq=1#metadata_info_tab_contents)

García Herrero, M. <sup>a</sup> del C. (2008). La marital corrección: Un tipo de violencia aceptado en la Baja Edad Media. *Clío & Crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, (5), pp. 39–71. Recuperado o 15/10/20 de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2777372>

Gil Ambrona, A. (2008). *Historia. Historia de la violencia contra las mujeres: Misoginia y conflicto matrimonial en España*. Madrid: Cátedra.

González Mínguez, C. (2008). Sobre historia de las mujeres y violencia de género. *Clío & Crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, (5), pp. 13–23. Recuperado o 15/10/20 de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2777362>

Pallares Méndez, M. del C. (1993). *A vida das mulleres na Galicia medieval (1100-1500)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Pallares Méndez, M. <sup>a</sup> C., et al. (1999). Idade Media (1100-1500). En M. X. Rodríguez Galdo, *Textos para a historia das mulleres en Galicia*, pp. 113–271. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Ponencia de Patrimonio Histórico.

Pallares Méndez, M. <sup>a</sup> C. (2010). Conciencia y resistencia. La denuncia de la agresión masculina en la Edad Media. En R. Radl Philipp (Ed.), *Investigaciones actuales de las mujeres y del género*, pp. 177–198. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela e Intercambio Científico.

Segura Graño, C. (2008). La violencia sobre las mujeres en la Edad Media. Estado de la cuestión. *Clío & crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, (5), pp. 24–38. Recuperado o 24/10/20 de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2777365>

Vinyoles Vidal, T. M. (2008). Respuestas de mujeres medievales ante la pobreza, la marginación y la violencia. *Clío & Crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, (5), pp. 72–93. Recuperado o 30/01/21 de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2777377>

### **Páxinas web**

*Las Siete Partidas del Rey don Alfonso el Sabio cotejadas con códices antiguos por la Real Academia de la Historia* (2008). Tomo 3: Partida Cuarta, Quinta, Sexta y Septima. Alicante: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, p. 663. Recuperado o 21/03/21 de: [http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/las-siete-partidas-del-rey-don-alfonso-el-sabio-cotejadas-con-varios-codices-antiguos-por-la-real-academia-de-la-historia-tomo-3-partida-quarta-quinta-sexta-y-septima--0/html/01fb8a30-82b2-11df-acc7-002185ce6064\\_674.htm](http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/las-siete-partidas-del-rey-don-alfonso-el-sabio-cotejadas-con-varios-codices-antiguos-por-la-real-academia-de-la-historia-tomo-3-partida-quarta-quinta-sexta-y-septima--0/html/01fb8a30-82b2-11df-acc7-002185ce6064_674.htm)